- c) Aprobar la incorporación de otras Cajas a la Federación, y la exclusión de cualquier entidad federada por haber variado las condiciones que determinaron su ingreso u observarse conducta irregular incompatible con los fines y espíritu de la Federación, de acuerdo con el artículo 8.
- d) Nombrar y cesar a sus representantes en toda clase de instituciones u organismos, públicos o privados, principalmente en la Confederación Española de Cajas de Ahorros.

puede decirse que es el órgano máximo de gobierno, administración, decisión y representación de la Federación. Además de estas facultades reseñadas estatutariamente hay otras que derivan directamente de la Ley como son, por ejemplo, el establecimiento de la figura del Defensor del cliente y el nombramiento efectivo para dicho cargo (artículo 44.2º de la Ley).

El Presidente de la Junta de Gobierno lo es también de la Federación (artículo 14 de los Estatutos).

La Secretaría general aparece en la Ley simplemente mencionada como órgano rector, aunque no regulada en sus funciones y composición, del mismo modo que ocurría en la Ley de 1989. Aparecía sin embargo ya en los Estatutos (artículos 23 al 25) como órgano de gestión y coordinación, encargado de la ejecución de las decisiones de la Junta de Gobierno. Además de las funciones que ésta le confiera en cada momento, le corresponden las que se relacionan estatutariamente (artículo 24).

El titular de la Secretaría General de la Federación actúa también como Secretario en la Junta de Gobierno (artículo 14 de los Estatutos).

e) Naturaleza de los acuerdos y adopción de los mismos.

Los acuerdos de la Junta de Gobierno tienen naturaleza vinculante (artículo 73.2º de la Ley) y son obligatorios tanto para los disidentes como para los ausentes en las votaciones (artículo 19b) de los Estatutos).

La norma general de adopción de los mismos es la mayoría de votos presentes o representados (artículo 73.2º de la Ley y 19 b) de los Estatutos) en votación nominal, habiendo de recaer la representación en otro miembro de la institución (artículo 19 a) de los Estatutos). No obstante se requerirá unanimidad para determinadas materias que vienen detalladas también estatutariamente (artículo 19 c)).

Legalmente cabe la posibilidad de que los Estatutos prevean la emisión de votos ponderados, posibilidad que no se ha desarrollado.

f) Estatutos. Elaboración y aprobación.

Los Estatutos fundacionales de la Federación han de ser propuestos por las cajas por acuerdo que represente una mayoría de al menos dos tercios de sus depósitos de clientes según el último balance anual cerrado (artículo 74.2º de la Ley).

-
- e) Resolver los asuntos y proposiciones que presenten sus miembros, en materias de su competencia.
 - f) Aprobar los presupuestos y cuentas de la Federación.
 - g) Nombrar al Secretario General y a cuantas personas sean contratadas para prestar servicio, temporal o permanentemente, a la Federación.
 - h) Acordar la liquidación y disolución de la Federación.

Las atribuciones indicadas en los puntos anteriores son enunciativas y no limitativas, pues es su competencia cuanto conviene a la administración y representación de la Federación”.

Ha de tenerse en cuenta lo señalado más arriba acerca de la obligatoriedad de adscripción a la Federación que hace que sea imaginable el supuesto de exclusión si una entidad federada dejase de reunir los requisitos de adhesión (ser caja de ahorros o tener sede social en Galicia), pero es difícil imaginar los otros supuestos de exclusión

Obtenido dicho acuerdo han de ser aprobados por la Consellería de Economía y Hacienda (Dirección General de Tributos y Política Financiera) según dispone el artículo 74.1º de la Ley.

En esta materia, como en la precedente, no hay que destacar cambio alguno respecto de las previsiones legislativas anteriores.

Lei 7/1985, do 17 de xullo, de Caixas de Aforro Galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Caixas de Aforro Galegas constitúen unha parte importante dentro do sistema financeiro de Galicia non sé polo enraizamento que tradicionalmente conseguiron na sociedade galega, senón tamén pola súa activa presenza nas áreas económicas, sociais e culturais, sen esquece-lo servicio que viñeron prestando ó disperso aforrador galego e ós nosos emigrantes e o seu considerable volume dentro do conxunto crediticio privado.

Todo iso vese favorecido pola presenza nos órganos de decisión dos representantes dos sectores máis significativos, baixo a tutela dos poderes públicos, tutela que, non obstante a súa transcendencia, se exerceu cun tratamento normativo disperso que, arrancando de 1933, resultou pouco axeitado á evolución e importancia que estas institucións de aforro tiveron.

A CE deseñou unha organización territorial do Estado que permite potencia-la natural vinculación destas institucións á nosa Comunidade. Neste sentido, o EA de Galicia, no seu art. 30.5, outórgalle á CA a competencia exclusiva en materia de Caixas de Aforro, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado.

De todo o antedito despréndese a conveniencia de dispoñer dun marco xeral de relacións entre a CA e as Caixas de Aforro Galegas que, ó tempo que facilita a consecución dos obxectivos antes sinalados, sexa respetuoso coa súa vocación tradicional.

De acordo con tales principios, a presente Lei culmina o proceso de desenvolvemento do marco competencial autonómico iniciado co D. 77/83, do 21 de abril, e máis disposicións citadas para o seu desenvolvemento, permitindo incorporar ó mesmo a experiencia obtida na etapa anterior.

Unha Lei destas características debe contemplar necesariamente non só aspectos relacionados coa representación nos órganos de goberno e as súas funcións, senón tamén todos aqueles que son igualmente imprescindibles para o bo funcionamento destas institucións.

Por todo o cal,

O Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co art. 13.0.2 do devandito EA e co art. 24 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Caixas de Aforro Galegas.

TITULO I**Disposicións Xerais****CAPÍTULO PRIMERO****Principios Xerais****Artigo 1.**

1.-Esta Lei será de aplicación ás Caixas de Aforro con domicilio social en Galicia.

2.-A acción do Goberno da CA, no marco das bases e da ordenación da actividade económica xeral e da política monetaria do Estado, levarase a cabo baixo os seguintes principios:

a) Estimular tódalas accións lexítimas das institucións de aforro encamiñadas a mellora-lo nivel socio-económico de Galicia.

b) Vixia-lo cumprimento por parte das Caixas da súa función económico-social, sinalando unha adecuada política de administración e de inversión de aforro privado.

c) Velar pola independencia das Caixas de Aforro e defende-lo seu prestixio e estabilidade.

Artigo 2.

1. Ós efectos desta Lei entenderase por caixa de aforros, con ou sen monte de piedade, a institución financeira con carácter social e de natureza fundacional sen ánimo de lucro, non dependente doutra empresa e adicada á administración e xestión dos depósitos que lle teñen confiados, prestando o seu servizo á comunidade baixo o protectorado público exercido polo Goberno da CA de Galicia a través da Consellería de Economía e Facenda.

2. Tódalas Caixas de Aforro con domicilio social en Galicia, calquera que sexa a persoa fundadora, o organismo ou corporación que as patrocine, terán a mesma natureza xurídica e os mesmos dereitos e obrigas así como idéntica consideración por parte do Goberno da CA.

Artigo 3.

1. O obxecto propio das Caixas será o fomento do aforro e a realización das operacións económicas e financeiras permitidas polas seis.

2. Os excedentes líquidos destas operacións adicaranse á constitución de reservas, a estimulalo aforro e á realización de inversións e obras benéfico-sociais, preferentemente en Galicia, conforme ás bases da lexislación sobre a materia e seguindo as indicacións do Goberno da CA.

Artigo 4.

As Caixas de Aforro realizarán obra benéfico-social propia e en colaboración con outras institucións públicas ou privadas e incluso entre varias Caixas.

A Xunta de Galicia realizará un labor de orientación en materia de obra benéfico-social, indicando as principais necesidades e prioridades, respetando tamén a liberdade de cada Caixa en canto á elección dos destinos concretos da inversión.

CAPÍTULO SEGUNDO**Réxime Xurídico****Artigo 5.**

Correspóndelle á Xunta de Galicia concede-la autorización para a creación de novas Caixas de Aforro, co cumprimento previo da normativa básica vixente. A estes efectos presentarase perante a Consellería de Economía e Facenda a documentación que regulamentariamente se sinala.

Artigo 6.

1.- A constitución de novas Caixas de Aforro en Galicia deberá facerse mediante escritura pública na que se fará consta-lo seguinte:

- a) As circunstancias persoais das persoas físicas, corporacións ou entidades fundadoras.
- b) A vontade de constituír unha caixa de aforros con sumisión ás disposicións vixentes.
- c) Os estatutos que regularán o funcionamento da futura caixa.
- d) A dotación inicial, coa descrición dos bens e dereitos que a integren, o seu título de propiedade, as cargas, se as houbese, e o carácter da aportación.

2.- Se a vontade fundacional estivese recollida en testamento será executada polas persoas designadas polo fundador, as cales outorgarán a escritura pública de fundación completando a mencionada vontade na forma prevista por esta Lei.

Artigo 7.

1.- Na escritura fundacional indícaranse as persoas que constituirán o patronato inicial da fundación, e estas, na mesma escritura, nomearán un director xeral.

2.- O patronato da fundación terá atribuídas as funcións propias do consello de administración e aprobará os regulamentos internos da Caixa.

3.- O patronato deberá inicia-lo proceso de constitución da primeira asemblea xeral nun prazo non superior a nove meses desde a iniciación da actividade da Caixa.

4.- No primeiro consello de administración da Caixa, ademais dos vocais elixidos, figurarán con voz e voto os membros do patronato fundacional, que cesarán ós dous anos da constitución da primeira asemblea xeral, sen prexuício de que poidan ser elixidos como vocais.

5.- O director xeral deberá ser ratificado polo primeiro consello de administración que se constituía.

Artigo 8.

1.- Corresponderalle á Consellería de Economía e Facenda a aprobación da escritura fundacional, dos estatutos e a admisión no Rexistro de Caixas de Aforro Galegas. Desde a inscrición a Caixa terá personalidade xurídica e poderá iniciar a súa actividade.

2.- A inscrición é obrigatoria e só poderá ser denegada por incumprimento dos requisitos establecidos nesta Lei ou por notoria inadecuación ou insuficiencia da dotación fundacional ó obxecto e ás finalidades da institución.

3.- As inscricións concedidas non serán transmisibles.

Artigo 9.

1.- Para as entidades con domicilio en Galicia as denominacións “Caixas de Aforro e Monte de Piedade” serán privativas das institucións inscritas no Rexistro de Caixas de Aforro Galegas.

2.- Ningunha entidade ou empresa non inscrita utilizará na súa denominación marcas, rótulos, modelos, anuncios ou expresións que induzan a erro sobre a súa natureza.

Artigo 10.

As absorcións e fusións das Caixas de Aforro con sede en Galicia deberán ser previamente autorizadas pola Consellería de Economía e Facenda e teranse en conta nestes casos as seguintes condicións:

a) Que a entidade absorbida ou as que desexen fusionarse non estean en liquidación.

b) Que non exista prexuício para as garantías dos impositores ou dos acreditados das Caixas que se pretendan integrar.

Artigo 11.

1.- Os acordos de disolución e liquidación das Caixas de Aforro deberán ser ratificados pola Xunta de Galicia.

2.- A adjudicación dos bens resultantes da liquidación axustarase ó disposto na Lei de Fundacións de Interés Galego.

3.- Estas disposicións enténdense sen prexuício do que regulen as normas estatais sobre o fondo de garantía de depósitos. As institucións ou organismos competentes poderán establecer sistemas de colaboración no exercicio das respectivas competencias.

Artigo 12.

1.- Créase o Rexistro de Caixas de Aforro Galegas, no que deberán constar, na forma que regulamentariamente determine:

- a) A denominación da institución.
- b) O domicilio social.
- c) A data da escritura de fundación.
- d) Corporación, entidade ou persoas fundadoras.
- e) Estatutos e regulamentos da Caixa respectiva.
- f) Autorización da admisión no Rexistro.

2.- Para as Caixas constituídas antes da publicación da presente Lei o Rexistro recollerá os datos dos que se dispoña.

3.- Inscibiranse tamén os acordos do Consello da Xunta e mais da Consellería de Economía e Facenda relativos á modificación de estatutos, absorción, fusión, disolución ou liquidación.

4.- O Rexistro será público. Calquera persoa interesada poderá obter certificación gratuíta dos datos inscritos.

5.- As Caixas de Aforro con domicilio social fóra de Galicia deberanlle comunicar á Consellería de Economía e Facenda as aperturas e os pechos de sucursais efectuados en Galicia, de conformidade coa lexislación.

Artigo 13.

Tódolos acordos do Consello da Xunta e da Consellería de Economía e Facenda ós que se refire este capítulo serán publicados no Diario Oficial de Galicia e comunicados ó Rexistro Especial de Caixas Xerais de Aforro.

CAPÍTULO TERCEIRO
Réxime Económico**Artigo 14.**

1.- No marco da política monetaria e da ordenación do crédito do Estado, a Consellería de Economía e Facenda establecerá as inversións computables no coeficiente de inversión das Caixas de Aforro con domicilio social en Galicia.

2.- A Consellería de Economía e Facenda poderá establecer regulamentariamente a autorización previa para determinadas inversións das Caixas de Aforro.

3.- As Caixas de Aforro con domicilio social en Galicia poderán abrir oficinas no territorio da CA, de conformidade coas normas que dicte a Consellería de Economía e Facenda e con aquelas que lle sexan de aplicación.

4.- Deberanlle comunicar á citada Consellería as aperturas e os cerramentos de oficinas efectuados fóra de Galicia, conforme á lexislación sobre a materia.

Artigo 15.

1.- As Caixas destinarán a totalidade dos seus excedentes que non se apliquen a reservas á creación e mantemento de obras benéfico-sociais.

2.- Correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda autoriza-los acordos aprobados pola asemblea xeral das Caixas de Aforro relativos á determinación dos excedentes e á súa distribución, conforme á normativa aplicable.

Artigo 16.

1.- As Caixas de Aforro estarán obrigadas a facilitarlle á Consellería de Economía e Facenda, na forma que regulamentariamente se determine, toda clase de información sobre a súa actividade e xestión.

2.- Anualmente, as Caixas de Aforro redactarán unha memoria para explica-la súa actividade económica, administrativa e social. Esta memoria conterá necesariamente o balance e maila conta de resultados públicos a 31 de decembro.

3.- Un exemplar da devandita memoria seralle remitido á Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 17.

1.- As Caixas de Aforro deberán someter a auditoría externa os estados financeiros e as contas de resultados de cada exercicio, que remitirán á Consellería de Economía e Facenda.

2.- A Consellería de Economía e Facenda poderá establece-lo alcance e o contido dos informes de auditoría.

CAPITULO CUARTO**Réxime Sancionador****Artigo 18.**

No marco das bases aprobadas polo Estado sobre ordenación do crédito e a banca, e de acordo coas directrices da Xunta de Galicia, a Consellería de Economía e Facenda exercerá as funcións de coordinación e de inspección das Caixas de Aforro domiciliadas en Galicia, sen prexuício das funcións que lle correspondan ó Banco de España.

Artigo 19.

1.- As Caixas de Aforro, os seus administradores e o Director Xeral incorrerán en responsabilidade disciplinaria polo incumprimento das disposicións relativas ós seguintes extremos:

- a) Apertura de oficinas.
- b) Distribución de excedentes e obra benéfico-social.
- c) Inversións.
- d) Remisión de balances, conta de resultados e estados complementarios.
- e) Utilización impropia do nome da Caixa.
- f) Calquera outro extremo regulado por normas de obrigado cumprimento.

2.- Tamén incorrerán en responsabilidade as persoas ou entidades que, sen estaren inscritas como Caixas de Aforro ou montes de piedade no Rexistro Especial de Caixas Xerais de Aforro Popular, realicen operacións propias destas entidades ou utilicen denominación ou outros elementos identificativos, propagandísticos ou publicitarios que poidan prestarse a confusión coa actividade das Caixas de Aforros autorizadas.

Artigo 20.

1.- Nos supostos ós que se refire o artigo anterior, poderán ser aplicables as seguintes sancións:

- a) Amoestación privada.
- b) Amoestación comunicada ás restantes Caixas de Aforro Galegas.
- c) Multa de ata corenta millóns de pesetas.
- d) Exclusión do Rexistro de Caixas de Aforro Galegas.

2.- A imposición de calquera das sancións esixirá a previa incoación de expediente tramitado con audiencia dos interesados.

3.- O procedemento e o réxime sancionador serán desenvolvidos regulamentariamente.

4.- As sancións dos aps. a), b) e c) serán impostas pola Consellería de Economía e Facenda, e as correspondentes ó ap. d) impoñeráas o Consello da Xunta, todo iso sen prexuício da lexislación do Estado sobre o fondo de garantía de depósitos das Caixas de Aforro.

5.- A Consellería de Economía e Facenda poderá sancionar, ademais de con multa de ata corenta millóns de pesetas, con inhabilitación ás persoas ou entidades ás que se refire o nº 2 do art. anterior.

Artigo 21.

1.- A suspensión dos órganos de goberno e da dirección das Caixas de Aforro e a intervención destas serán decretadas polo Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Economía e Facenda ou

do Banco de España, no seu caso cando así o aconsellen situacións de motivos de urxencia poderá decretalas o Conselleiro de Economía e Facenda, o cal someterá o acordo á ratificación do Goberno da CA.

2.- Tamén poderá decretarse a intervención, logo de petición fundamentada dos órganos de goberno da propia Caixa de Aforros.

3.- O acordo de intervención conterà as razóns e mailo alcance e limitacións do mesmo.

4.- En caso de intervención os gastos causados por esta serán a cargo da Caixa afectada.

TITULO II

Os órganos de Goberno

CAPÍTULO PRIMEIRO

Normas comúns

Artigo 22.

A administración, xestión, representación e control das Caixas de Aforro correspóndenlles ós seguintes órganos de goberno, coas competencias que para cada un deles se establecen na presente Lei:

- a) Asemblea xeral.
- b) Consello de administración.
- c) Comisión de control.

Artigo 23.

1.- Os órganos de goberno enumerados no artigo anterior actuarán con carácter colexiado, no seu caso, e os seus membros desempeñarán as súas funcións, en todo caso, en beneficio exclusivo dos intereses da Caixa de Aforros á que pertencen e os dos seus depositantes, con plena independencia de calquera outro que puidese afectalos.

2.- O cargo de membro da asemblea xeral, de vocal do consello de administración e da comisión de control terá carácter honorífico e gratuíto e non poderá orixinar percepcións diferentes das dietas por asistencia e desprazamento autorizadas con carácter xeral polo Goberno da CA.

3.- Os regulamentos de cada Caixa, de acordo coas normas legais que sexan de aplicación e as dos seus estatutos, fixarán os procedementos de elección dos membros que vaian integra-los órganos de goberno.

Artigo 24.

1.- Créase na Consellería de Economía e Facenda o Rexistro de Altos Cargos das Caixas de Aforro Galegas, no cal se inscribirán o nomeamento, reelección e cesamento dos membros do consello de administración, da comisión de control e do director xeral. As altas e as baixas deste rexistro serán notificadas ó Banco de España e poderá emitirse certificación a calquera persoa que xustifique o interés.

2.- O Rexistro de Altos Cargos das Caixas de Aforro Galegas sé terá carácter informativo, a non ser que o Goberno Autónomo dispoña outra cousa.

3.- Os nomeamentos, cesamentos e reelección de membros do consello de administración e da

comisión de control serán comunicados á Consellería de Economía e Facenda nun prazo non superior a quince días.

Artigo 25.

1.- De acordo coas disposicións desta Lei e das regulamentarias que se dicten para o seu desenvolvemento, os estatutos sociais das Caixas de Aforro deberán regular o funcionamento dos seus órganos de goberno, en particular:

- a) Requisitos para a convocatoria ordinaria e extraordinaria da asemblea xeral, prazos e publicidade.
- b) Quorum esixido en primeira e segunda convocatoria, e maiorías necesarias para a adopción de acordos.
- c) Requisitos para a convocatoria das sesións do consello de administración e da comisión de control.
- d) Regras para a renovación parcial dos membros dos órganos de goberno.
- e) Previsións para cubrir as vacantes que se produzan nos órganos por remate do mandato dos seus membros ou calquera outra causa.

CAPITULO SEGUNDO **Da Asemblea Xeral**

Artigo 26.

1.- A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno e decisión das Caixas de Aforro. Os seus membros ostentarán denominación de conselleiros xerais e representarán os intereses dos depositantes e os xerais no ámbito da súa actuación.

2.- Os estatutos de cada Caixa fixarán o número de conselleiros da asemblea xeral, entre un mínimo de sesenta e un máximo de cento sesenta conselleiros, que representarán os seguintes sectores:

- a) Impositores.
- b) Persoas, entidades ou corporacións fundadoras da Caixa.
- c) Corporacións locais.
- d) Empregados da Caixa de Aforros.
- e) Fundacións, asociacións ou corporacións de carácter cultural, científico, benéfico, cívico, económico ou profesional de recoñecido prestixio no ámbito territorial de actuación da Caixa.

3.- A Xunta de Galicia, a proposta das Caixas de Aforro, aprobará unha relación das entidades mencionadas na letra e) do nº 2 anterior, de entre as que deberá nutrirse a representación que lle corresponda na asemblea xeral.

Artigo 27.

A representación dos mencionados sectores distribuirase na forma que regulamentariamente se determine, dentro das porcentaxes que a seguir se establecen:

- a) Entre un 15% e un 25% do total dos conselleiros xerais serán elixidos en representación das Corporacións Locais dos ámbitos territoriais de actuación de cada Caixa. Ningún Concello ou Corporación poderá absorber máis do 80% dos conselleiros deste apartado e, en todo caso, a designación dos mesmos terá en conta, en cada Corporación, o principio de proporcionalidade conforme se determine regulamentariamente.

b) Entre un 25% e un 35% serán elixidos en representación das Corporacións, das entidades ou persoas fundadoras, das entidades de carácter cultural, científico, benéfico, cívico, económico ou profesional de recoñecido prestixio no ámbito territorial de actuación da Caixa. De non existir entidade ou persoas fundadoras, ou de non resultar posible a súa identificación, a representación deste apartado será do 25% dos conselleiros xerais.

Poderáselles atribuír á entidade ou persoas fundadoras un máximo do 70% dos conselleiros xerais deste apartado.

En ningún caso poderán nomearse máis de dous conselleiros xerais por entidade das previstas na letra e) do ap. 2 do art. 26.

c) Entre un 30% e un 40% será elixido en representación dos impositores da Caixa.

d) O persoal fixo do cadro da Caixa accederá á asemblea Xeral polo grupo de representación do persoal, podendo facelo, excepcionalmente, polo grupo de representación de Corporacións Locais. A súa representación directa fíxase entre un 5% e un 15%.

Artigo 28.

Os conselleiros xerais deberán reuní-los seguintes requisitos:

a) Ser persoa física con residencia habitual na zona de actividade da Caixa.

b) Ser maior de idade e non estar incapacitado.

c) Os representantes dos impositores deberán te-la condición de depositantes con dous anos de antigüidade, como mínimo, e cun saldo medio en conta no semestre precedente á súa elección non inferior á cifra que se determine nos seus estatutos, dentro dos límites que se establezan regulamentariamente. Se a elección se fai mediante compromisarios, estes deberán reuní-las condicións sinaladas para os conselleiros xerais.

Artigo 29.

Non poderán ostenta-lo cargo de conselleiros xerais nin actuar como compromisarios:

a) Os quebrados e os concursados non rehabilitados, os condenados a penas que leven anexa a inhabilitación de cargos públicos e os que fosen sancionados por infraccións graves.

Considéranse infraccións graves:

1.- As que leven aparalada pena privativa de liberdade.

2.-As constitutivas de delito fiscal, as de contrabando de maior contía e as de evasión de capitais.

3.-Calquera outra á que o ordenamento xurídico lle confira expresamente carácter grave apreciada polos tribunais ou órganos administrativos competentes.

b) Os que con anterioridade á nova designación ou durante o exercicio do cargo de conselleiro incorresen, por si mesmos ou en representación doutras persoas ou entidades, en incumprimento das súas obrigas coa Caixa con motivo de préstamos ou créditos, ou por impagamento á mesma de débeda de calquera clase.

c) Os administradores ou membros de órganos de goberno de máis de catro sociedades mercantís, institucións de crédito de calquera clase, condición ou categoría ou de empresas dependentes dos mercantís ou cooperativas. Para estes efectos non se computarán os postos ostentados en consellos de administración de sociedades mercantís ou cooperativas nas que os interesados, o seu cónxuxe, ascendentes ou descendentes, xuntos ou separadamente, sexan propietarios dun número de accións non

inferior ó cociente de dividí-lo capital social polo número de vocais do Consello de Administración. A mesma norma aplicarase ós casos de representación legal de menores, ausentes ou incapacitados. En calquera caso, o número total de conselleiros non será superior a oito.

d) Os presidentes, conselleiros xerais, conselleiros, administradores, directores, xerentes, asesores ou empregados doutros establecementos ou institucións de crédito de calqueira clase, condición ou categoría ou de empresas dependentes dos mesmos ou da propia Caixa, e de corporacións ou entidades que propugnen, sosteñan ou garanticen institucións ou establecementos de crédito.

e) O persoal ó servizo das Administracións Públicas con funcións ó seu cargo que se relacionen directamente coas actividades propias das Caixas de Aforro.

f) Os cargos públicos de designación política das administracións públicas e o presidente da entidade ou corporación fundadora da Caixa.

Artigo 30.

Os conselleiros xerais non poderán estar vinculados á Caixa de Aforro ou a sociedades nas que a mesma participe con máis do 25% do capital, por contratos de obra, servizos, subministracións ou traballos retribuídos, polo período en que ostenten esta condición e nos dous anos seguintes, contados a partir do cesamento como conselleiro, salvo a relación laboral, cando tal condición se ostente por representación directa do persoal da Caixa ou excepcionalmente en representación de Corporacións Locais.

Artigo 31.

1.- A duración do cargo dos conselleiros xerais será de catro anos.

2.- Os estatutos preverán a reelección se continuasen cumprindo os requisitos establecidos para o seu nomeamento por dous períodos de catro anos cada un como máximo.

3.- Tamén deberán prever fórmulas para a renovación parcial da asemblea.

4.- Cando se trate de conselleiros xerais en representación directa dos impositores, as vacantes que entre os mesmos se produzan non se cubrirán ata que se proceda á nova elección xeral de compromisarios.

Artigo 32.

1.- Os conselleiros xerais cesarán no exercicio dos seus cargos nos seguintes supostos:

a) Por cumprirse o prazo para o que foron designados.

b) Por renuncia.

c) Por falecemento.

d) Por perda de calquera dos requisitos que condicionan a súa elixibilidade ou da representación en virtude da que fosen nomeados.

e) Por incorrer en nalgunha das incompatibilidades reguladas nesta Lei.

f) Por acordo de separación adoptado con causa xusta pola propia asemblea xeral. A estes efectos, entenderase que existe causa xusta cando o conselleiro xeral prexudique notoriamente coa súa actuación pública ou privada o crédito, bo nome ou actividade da Caixa.

2.- O cese dos conselleiros xerais non afectará á distribución de postos no consello de administración.

Artigo 33.

A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno e decisión das Caixas de Aforro e, en especial, correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) O nomeamento dos vocais do consello de administración.
- b) O nomeamento dos membros da comisión de control.
- c) A apreciación das causas de separación e revocación dos membros dos órganos de goberno antes do cumprimento do seu mandato.
- d) A aprobación e modificación dos estatutos e regulamentos.
- e) A fusión, liquidación e disolución da Caixa.
- f) A definición das liñas xerais do plan de actuación anual da Caixa, ós cales deberán someterse os restantes órganos de goberno.
- g) A aprobación da xestión do consello de administración, memoria, balance anual e conta de resultados, así como a aplicación destes ós fins propios das Caixas de Aforro.
- h) A creación de obra benéfico-social así como a aprobación e liquidación dos presupostos anuais para estes fins.
- i) Calquera outro asunto que se someta á súa consideración polos órganos facultados ó efecto.

Artigo 34.

1.- A asemblea Xeral deberá ser convocada polo Consello de Administración cunha antelación mínima de 15 días, na forma que establezan os estatutos de cada institución. A convocatoria deberá expresa-la data, o lugar de celebración e a orde do día, así como a data e a hora de reunión en segunda convocatoria, e deberá publicarse no DOGA, no BOE e en xornais de ampla circulación na zona de actuación da Caixa.

2.- A asemblea xeral precisará, para a súa válida constitución, da asistencia da maioría dos seus membros, excepto nos supostos que contemplan os aps. c), d) e e) do art. 33, nos cales se requirirá a asistencia das dúas terceiras partes.

3.- Cada conselleiro xeral terá dereito a un voto e non o poderá delegar, e outorgaráselle a quen presida a reunión voto de calidade. Os acordos tomaranse por maioría simple de votos dos concorrentes a non ser que os estatutos fixen outros requisitos superiores.

4.- A asemblea xeral será presidida polo presidente da Caixa ou, no seu caso, polos vicepresidentes segundo orde, e, no seu defecto, polo vocal de maior idade do consello de administración que se atope presente. Actuará como secretario o que o sexa do consello de administración.

5.- Os acordos adoptados faranse constar en acta, que poderá ser aprobada ó término da súa reunión pola propia asemblea, ou polo presidente e dous interventores designados na mesma, nun prazo máximo de quince días. A devandita acta terá forza executiva a partir da data da súa aprobación.

Artigo 35.

1.- Con carácter obrigatorio, a asemblea deberá ser convocada durante o primeiro semestre natural de cada exercicio, coa finalidade de someter á súa aprobación a memoria, o balance e maila conta de resultados así como o proxecto de aplicación de excedentes, a dotación á obra benéfico-social e a renovación de cargos do consello de administración e da comisión de control.

2.- Desde a data da convocatoria ata a da celebración, os conselleiros xerais poderán examinar na

sede da entidade a documentación xustificativa da memoria, o balance e a conta de resultados, o informe da comisión de control e das auditorías realizadas.

Artigo 36.

1.- A asemblea xeral extraordinaria será convocada e celebrarse en igual forma cá ordinaria pero só poderá tratarse nela o obxecto para o que foi expresamente convocada.

2.- O consello de administración convocará asemblea xeral sempre que o estime conveniente para os intereses sociais, podendo fácelo tamén a petición dun tercio dos membros da propia asemblea ou por acordo da comisión de control, cando se trate de materias da competencia desta. A petición deberá expresa-la orde do día da sesión.

3.- En todo caso a convocatoria farase dentro do prazo de quince días a partir da presentación da petición, non podendo mediar máis de vinte días entre a data da convocatoria e a sinalada para a celebración da asemblea.

CAPITULO TERCEIRO

Consello de Administración

Artigo 37.

1.- Correspóndelle ó consello de administración, como órgano delegado da asemblea xeral, o goberno, xestión, administración e representación da Caixa, con plenitude de facultades e sen máis limitacións cás expresamente reservadas á asemblea da entidade na presente Lei ou nos respectivos estatutos particulares.

2.-A concesión de créditos, avais e garantías da Caixa ós vocais do Consello de Administración, ós membros da Comisión de Control, ó Director Xeral ou ós seus cónxuxes, ascendentes, descendentes, así como ás sociedades nas que as persoas mencionadas teñan participación que, illada ou conxuntamente, sexa maioritaria, ou nas que desempeñen cargos de alta representación, directivo ou asimilado, ou o alleamento á Caixa de bens ou valores da súa propiedade ou emitidos por tales entidades, deberá ser aprobada polo Consello de Administración da Caixa e deberalle ser comunicada á Consellería de Economía e Facenda para que preste autorización expresa.

Artigo 38.

1.- O número de vocais do consello será o que fixen os estatutos, sen que poida ser inferior a 10 nin superior a 21.

2.-A presenza no mesmo dos grupos representados na asemblea deberá ser proporcional á establecida no art. 27 da presente Lei, non resultando excluído ningún sector dos integrantes da Asemblea.

No previsto no ap. a) do citado art. 27 garantirase como mínimo a presenza no Consello de Administración de dúas entidades.

No previsto no ap. b) do xa citado art. 27 garantirase igualmente a presenza no Consello de Administración de alomenos un representante das entidades non fundadoras. Igualmente o persoal fixo do cadro da Caixa contará cun representante como mínimo. De resultaren fraccións sobrantes no prorrateo, despois de garanti-los mínimos estipulados con anterioridade, estes acumularanse ós representantes das entidades non fundadoras previstas no ap. b) do art. 27.

Artigo 39.

1.- Os vocais do Consello de Administración serán nomeados pola asemblea Xeral de entre os membros de cada sector de representación e por proposta da maioría do respectivo sector, do Consello de Administración ou dun 25% dos membros da asemblea. Non obstante, o nomeamento de vocais representantes das Corporacións Locais que non teñan a condición de entidade fundadora da Caixa de Aforros e o nomeamento dos membros do Consello de Administración representantes dos impositores poderán recaer como máximo, respectivamente, en dúas persoas que reúnan os adecuados requisitos de profesionalidade e non sexan conselleiros xerais.

2.- Os vocais do consello de administración estarán afectados por inelixibilidades idénticas ás establecidas para os conselleiros xerais.

3.- A entidade fundadora, as corporacións locais ou as outras entidades representadas na asemblea non poderán ter representación no consello de administración de máis de unha caixa. Esta incompatibilidade afectará ás persoas que, como conselleiros xerais, fosen designadas en representación da respectiva corporación ou entidade.

Artigo 40.

1.- O mandato dos vocais do consello de administración non excederá de 4 anos. Os estatutos preverán a posibilidade de reelección dentro dos límites establecidos no art. 31.2, sempre que se cumpran as mesmas condicións, requisitos e trámites que para o nomeamento. A renovación farase parcialmente.

2.- Os vocais do consello de administración cesarán no exercicio dos seus cargos polos mesmos supostos que se relacionan no art. 32 para os conselleiros xerais.

Artigo 41.

1.- O consello de administración nomeará de entre os seus membros ó presidente que, á vez, o será da entidade, e un ou máis vicepresidentes, que o substituirán pola súa orde. Nomearán un secretario. O presidente, vicepresidentes e secretarios do consello de administración, serano así mesmo da asemblea xeral.

2.- En caso de falta de acordo sobre o nomeamento de presidente ou en ausencia deste e dos vicepresidentes, convocará e presidirá as reunións e exercerá as funcións correspondentes o vocal de maior idade.

Artigo 42.

1.- O consello reunirse tódalas veces que sexa necesario para a boa marcha da entidade e unha vez ó mes, como mínimo.

2.- A convocatoria corresponderalle ó presidente, quen determinará os asuntos que deben figurar na orde do día, presidirá a sesión e dirixirá os debates e discusións.

3.- O presidente convocará a iniciativa propia ou a petición dun tercio, como mínimo, dos membros do Consello. Neste suposto, a orde do día estará motivada polo obxecto da reunión.

4.- Os acordos adoptaranse por maioría dos conselleiros asistentes se os estatutos non esixen outra maioría. O presidente poderá ter voto de calidade.

5.- As reunións do consello poderá asistir, con voz e voto, o director xeral da entidade, excepto para a toma de decisións que o afecten.

6.- Os membros do Consello de Administración que non sexan conselleiros xerais asistirán ás asembleas Xerais con voz e sen voto.

Artigo 43.

O consello de administración poderá delegar facultades nunha ou máis omisións delegadas, entre as cales será obrigatoria a creacion dunha comisión delegada da obra benéfico-social.

CAPÍTULO CUARTO

A Comisión de Control

Artigo 44.

1.-Serán facultades da comisión de control:

a) Supervisa-la xestión do consello de administración, velando pola adecuación dos seus acordos ás directrices e resolucións da asemblea xeral, así como ós fins propios da entidade.

b) Vixia-lo correcto funcionamento da auditoría interna.

c) Coñece-los informes de auditoría externa e as recomendacións que formulan os auditores.

d) Revisa-lo balance e maila conta de resultados de cada exercicio anual, formulando as observacións que considere oportunas.

e) Elevar á asemblea xeral información da súa actuación unha vez ó ano, como mínimo.

f) Requirir do presidente a convocatoria da asemblea xeral con carácter extraordinario cando o consideren conveniente, polo menos, os dous tercios dos seus membros.

g) Controla-los procesos electorais de composición da asemblea.

h) Coñecer e da-la súa opinión sobre os informes da comisión delegada da obra benéfico-social.

i) Informar á Consellería de Economía e Facenda nos casos de nomeamento e cesamento do Director Xeral.

j) Calquera outra que lle atribúan os estatutos.

2.- A comisión de control deberá informar inmediatamente das posibles irregularidades observadas en exercicio das súas funcións á Consellería de Economía e Facenda para que tome as medidas oportunas, sen prexuício das súas facultades de solicita-la convocatoria de asemblea xeral e a obriga de lle comunicar directamente ó Banco de España ou ó organismo estatal que corresponda as cuestións relacionadas coas competencias que lle son propias.

3.- A comisión de control elaborará os informes que regulamentariamente se establezan, que serán remitidos á Consellería de Economía e Facenda.

4.- Para o cumprimento destas funcións terá dereito ó acceso inmediato a toda a documentación precisa para o desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 45.

1.- O número de membros da Comisión de Control fixarase como máximo en oito, elixidos pola asemblea Xeral de entre os seus membros que non ostenten a condición de vocais do Consello de Administración, e deberán existir como mínimo na mesma representantes de Corporacións Locais, impositores, persoas ou entidades fundadoras e persoal da Caixa de Aforros, aplicando criterios de proporcionalidade no tocante ós grupos que a integran.

2.- De entre os seus membros, a comisión, elixirá un presidente e máis un secretario.

3.- Para o cumprimento das súas funcións, a comisión de control reunirse tódalas veces que sexa convocada polo seu presidente a iniciativa propia ou a petición de un tercio dos seus membros e, como mínimo, unha vez ó trimestre. No exercicio das súas funcións poderá obter do consello de administración e do director xeral os antecedentes e a información que considere necesarios.

4.- Director Xeral asistirá ás reunións con voz e sen voto, sempre que a Comisión así o requira.

5.- Poderá, ademais, formar parte da Comisión de Control un representante da Comunidade Autónoma elixido pola Consellería de Economía e Facenda de entre persoas con capacidade e preparación técnica adecuada. Asistirá ás reunións da Comisión con voz e sen voto.

CAPITULO QUINTO

O Director Xeral

Artigo 46.

O director xeral executará os acordos do consello de administración e exercerá as outras funcións que os estatutos ou os regulamentos de cada entidade lle encomenden.

Artigo 47.

1.- O director xeral será designado polo consello de administración da Caixa entre as persoas con capacidade, preparación técnica e experiencia suficiente para realiza-las funcións do cargo.

2.- O seu nomeamento deberá ser ratificado pola asemblea Xeral e comunicado á Consellería de Economía e Facenda.

3.- Poderá ser removido do seu cargo:

a) Polo acordo da metade máis un, como mínimo, dos membros do consello de administración, ratificado pola asemblea xeral da Caixa.

b) En virtude de expediente disciplinario instruído pola Consellería de Economía e Facenda por propia iniciativa ou a proposta do Banco de España.

c) Por xubilación á idade que fixen os estatutos da Caixa.

4.- O cesamento no cargo de director xeral non afectará, no seu caso, ós dereitos derivados da súa relación laboral coa entidade.

Artigo 48.

O exercicio do cargo de director xeral esixe adicación exclusiva, sen prexuício das actividades que exerza en representación da Caixa.

TÍTULO III

Os órganos asociativos das Caixas de Aforros

CAPITULO UNICO

Federación Galega de Caixas de Aforro

Artigo 49.

As Caixas de Aforro con domicilio social en Galicia agruparanse nunha federación que terá personalidade xurídica, e coas seguintes finalidades:

- a) Ostenta-la representación das Caixas perante os poderes públicos.
- b) Procura-la captación, a defensa e a difusión do aforro e orienta-las inversións das Caixas de Aforro conforme ás normas xerais sobre inversión territorial.
- b bis) Fomentar e promociona-las inversións na CA de Galicia.
- c) Promover e coordina-la prestación de servicios técnicos e financeiros.
- d) Planifica-la creación de obras benéfico-sociais e propoñerlle á Xunta de Galicia as inversións básicas ás que se refire o artigo 4 desta Lei.

Artigo 50.

1.- A Federación Galega de Caixas de Aforro estará rexida por unha Xunta de Goberno e pola Secretaría Xeral.

A Xunta de Goberno estará integrada por dous representantes de cada unha das Caixas federadas, que serán os seus respectivos Presidente e Director Xeral. O Goberno da CA, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá ademais nomear un representante na devandita Xunta.

2.- Os acordos serán vinculantes e tomaranse por maioría de votos presentes ou representados, na forma que determinen os estatutos, os cales poderán prever tamén a necesidade de voto unánime para determinadas materias. Os estatutos poderán preve-la emisión de votos ponderados.

Artigo 51.

1.- Os estatutos da federación galega de Caixas de Aforro serán aprobados pola Consellería de Economía e Facenda.

2.- Os estatutos fundacionais da federación galega de Caixas de Aforro deberán ser propostas polas Caixas, logo de acordo que representen como mínimo a maioría de dous tercios dos seus depósitos de clientes referidos ó último balance anual cerrado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Sen prexuício das competencias do Banco de España, a Consellería de Economía e Facenda exercerá as funcións de disciplina, inspección e sanción das actividades realizadas en Galicia por Caixas de Aforro domiciliadas fóra do territorio desta Comunidade Autónoma.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira. As Caixas de Aforros con domicilio social en Galicia e a federación galega de Caixas de Aforros adaptarán os seus estatutos ás disposicións desta Lei no prazo de 6 meses, contados dende a entrada en vigor. Os citados estatutos remitiranse á Consellería de Economía e Facenda para a súa aprobación. Tamén procederán, dentro do mesmo prazo, á redacción do regulamento regulador do sistema de eleccións que será aprobado pola citada Consellería.

Segunda. Os actuais órganos de goberno e os seus respectivos membros manterán a plenitude das súas facultades ata a constitución dos novos órganos de goberno e adoptarán os acordos necesarios para a debida execución e cumprimento da presente Lei.

Terceira. O proceso de designación dos conselleiros xerais, de acordo coas previsións desta Lei,

deberá de iniciarse no prazo de un mes desde a data en que a Consellería de Economía e Facenda lle notifique á Caixa a aprobación dos estatutos e do regulamento regulador do sistema de eleccións.

Cuarta. Durante un ano desde a constitución da nova asemblea Xeral formarán parte do Consello de Administración, conxuntamente cos novos vocais, a metade dos vocais do último Consello de Administración e, de entre eles, o Presidente e mailo Secretario, os cales continuarán no exercicio dos seus respectivos cargos. O resto dos vocais do antigo Consello de Administración que vaian continuar no cargo serán elixidos por sorteo dentro de cada grupo.

Quinta. Para o exercicio das competencias e funcións reguladas pola presente Lei, en tanto non se produza o correlativo traspaso de medios persoais, autorízase á Consellería de Economía e Facenda, dentro dos créditos presupostarios consignados ó efecto, para efectuar a contratación de persoal con preparación técnica e experiencia suficiente na materia, conforme ó ET, aprobado pola Lei 8/80, do 10 de marzo, e disposicións complementarias.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira. Autorízase á Xunta de Galicia para dictar as disposicións que cumpran para a posta en vigor desta Lei.

Segunda. A presente Lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 1985.

Gerardo Fernández Albor
Presidente

Lei 6/1989, do 10 de maio, de modificación da Lei 7/1985, do 17 de xullo, de Caixas de Aforro Galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As SSTC n.ºs. 48 e 49/88, do 22 de marzo, ademais doutros pronunciamentos, declaran, por unha parte, a inconstitucionalidade, e polo tanto a nulidade de determinados parágrafos da Lei de Galicia 7/85, do 17 de xullo, de Caixas de Aforro Galegas, e, por outra, o carácter básico dalgúns arts. da Lei 31/85, do 2 de agosto, de Regulamento das normas básicas sobre órganos rectores das Caixas de Aforro.

Co fin de lles dar cumprimento ás sts. mencionadas cómpre proceder á adecuación da Lei galega ás resolucións das mesmas, mediante a supresión das cuestións declaradas inconstitucionais e a modificación da redacción daqueles artigos nos que o texto orixinario resulta impreciso tecnicamente ou é incompatible coa normativa declarada básica.

De acordo co previsto no art. 13.2 EA de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, sanciono e promulgo no nome de El-Rei, a Lei de modificación da Lei 7/85, do 17 de xullo, de Caixas de Aforro galegas.

Artigo Primeiro.

Modifícanse os arts. 12, 19, 20, 22, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 34, 37, 38, 39, 42, 44, 45, 47 e 50 da Lei 7/85, do 17 de xullo, de Caixas de Aforro Galegas, co alcance que se indica a continuación:

Artigo 12.

Adiciónase un novo ap. 5 co seguinte texto:

“5.- As Caixas de Aforro con domicilio social fóra de Galicia deberanlle comunicar á Consellería de Economía e Facenda as aperturas e os peches de sucursais efectuados en Galicia, de conformidade coa lexislación.”

Artigo 19.

O parágrafo introductorio do ap. 1 queda redactado da seguinte forma:

“1.- As Caixas de Aforro, os seus administradores e o Director Xeral incorrerán en responsabilidade disciplinaria polo incumprimento das disposicións relativas ós seguintes extremos:”

Artigo 20.

Os apartados 1 e 4 quedan redactados da seguinte forma:

“1.- Nos supostos ós que se refire o art. anterior, poderán ser aplicables as seguintes sancións:

- a) Amoestación privada.
- b) Amoestación comunicada ás restantes Caixas de Aforro Galegas.
- c) Multa de ata corenta millóns de pesetas.
- d) Exclusión do Rexistro de Caixas de Aforro Galegas.”

“4.- As sancións dos apartados a), b) e c) serán impostas pola Consellería de Economía e Facenda, e as correspondentes ó ap. d) impoñeráas o Consello da Xunta, todo iso sen prexuício da lexislación do Estado sobre o fondo de garantía de depósitos das Caixas de Aforro.”

Artigo 22.

Suprímese a letra d).

Artigo 25.

Na letra c) a expresión “do Consello de Administración da Comisión de Control” substitúese por “do Consello de Administración e da Comisión de Control.”

Artigo 26.

A letra c) do apartado 2 queda redactada da seguinte forma:

“e) Fundacións, asociacións ou corporacións de carácter cultural, científico, benéfico, cívico, económico ou profesional de recoñecido prestixio no ámbito territorial da actuación da Caixa.”

Artigo 27.

O ap. introductorio e as letras a), b) e d) quedan redactados da seguinte forma:

“A representación dos mencionados sectores distribuirase na forma que regulamentariamente se determine, dentro das porcentaxes que a seguir se establecen:”

“a) Entre un 15% e un 25% do total dos conselleiros xerais serán elixidos en representación das Corporacións Locais dos ámbitos territoriais de actuación de cada Caixa. Ningún Concello ou Corporación poderá absorber máis do 80% dos conselleiros deste apartado e, en todo caso, a desig-

nación dos mesmos terá en contra, en cada Corporación, o principio de proporcionalidade conforme se determine regulamentariamente.”

“b) Entre un 25% e un 30% serán elixidos en representación das Corporacións, das entidades ou persoas fundadoras, das entidades de carácter ou persoas fundadoras, das entidades de carácter cultural, científico, benéfico, cívico, económico ou profesional de recoñecido prestixio no ámbito territorial de actuación da Caixa. De non existir entidade ou persoas fundadoras, ou de non resultar posible a súa identificación, a representación deste apartado será do 25% dos conselleiros xerais.

Poderáselles atribuír á entidade ou persoas fundadoras un máximo dó setenta por cento dos conselleiros xerais deste apartado.

En ningún caso poderán nomearse máis de dous conselleiros xerais por entidade das previstas na letra e) do ap. 2 do art. 26.”

“d) O persoal fixo do cadro da Caixa accederá á Asemblea Xeral polo grupo de representación do persoal, podendo facelo, excepcionalmente, polo grupo de representación de Corporacións Locais. A súa representación directa fixase entre un 5% e un 15%.”

Artigo 28.

As letras a) e c) quedan redactadas da seguinte forma:

“a) Ser persoa física con residencia habitual na zona de actividade da Caixa.”

“c) Os representantes dos impositores deberán te-la condición de depositantes con dous anos de antigüidade, como mínimo, e cun saldo medio en conta no semestre precedente á súa elección non inferior á cifra que se determine nos seus estatutos, dentro dos límites que se establezan regulamentariamente. Se a elección se fai mediante compromisarios, estes deberán reuní-las condicións sinaladas para os conselleiros xerais.”

Artigo 29.

As letras b), c) e e) quedan redactadas da seguinte forma:

“b) Os que con anterioridade á nova designación ou durante o exercicio do cargo de conselleiro incorresen, por si mesmos ou en representación doutras persoas ou entidades, en incumprimento das súas obrigas coa Caixa con motivo de préstamos ou créditos, ou por impagamento á mesma de débedas de calquera clase.”

“c) Os administradores ou membros de órganos de goberno de máis de catro sociedades mercantís ou cooperativas. Para estes efectos non se computarán os postos ostentados en Consellos de Administración de sociedades mercantís ou cooperativas nas que os interesados, o seu cónxuxe, ascendentes ou descendentes, xuntos ou separadamente, sexan propietarios dun número de accións non inferior ó cuociente de dividi-lo capital social polo número de vocais do Consello de Administración. A mesma norma aplicarase ós casos de representación legal de menores, ausentes ou incapacitados. En calquera caso, o número total de conselleiros non será superior a oito.”

“e) O persoal ó servizo das Administracións Públicas con funcións ó seu cargo que se relacionen directamente coas actividades propias das Caixas de Aforro.”

Artigo 30.

Este artigo queda redactado da seguinte forma:

“Os conselleiros xerais non poderán estar vinculados á Caixa de Aforro ou a sociedades nas que a mesma participe con máis do 25% do capital, por contratos de obra, servizos, subministracións ou traballos retribuídos, polo período en que ostenten esta condición e nos dous anos seguintes, conta-

dos a partir do cesamento como conselleiro, salvo a relación laboral, cando tal condición se ostente por representación directa do persoal da Caixa ou excepcionalmente en representación de Corporacións Locais.”

Artigo 31.

Os apartados 1 e 3 quedan redactados da seguinte forma:

“1.- A duración do cargo dos conselleiros xerais será de catro anos.”

“3.- Tamén deberán prever fórmulas para a renovación parcial da Asemblea.”

Artigo 32.

A letra d) do apartado 1 queda redactada da seguinte forma:

“d) por perda de calquera dos requisitos que condicionan a súa elixibilidade ou da representación en virtude da que fosen nomeados...”

Artigo 34.

Os apartados 1 e 3 quedan redactados da seguinte forma:

“1.- A Asemblea Xeral deberá ser convocada polo Consello de Administración cunha antelación mínima de 15 días, na forma que establezan os estatutos de cada institución. A convocatoria deberá expresa-la data, o lugar de celebración e a orde do día, así como a data e a hora de reunión en segunda convocatoria, e deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial do Estado e en xornais de ampla circulación na zona de actuación da Caixa.”

“3.- Cada conselleiro xeral terá dereito a un voto e non o poderá delegar, e outorgaráselle a quen presida a reunión voto de calidade. Os acordos tomaranse por maioría simple de votos dos concorrentes, a non ser que os estatutos fixen outros requisitos superiores”.

Artigo 37.

O ap. 2 queda redactado da seguinte forma:

“2.- A concesión de créditos, avales e garantías da Caixa ós vocais do Consello de Administración, ós membros da Comisión de Control, ó Director Xeral ou ós seus cónxuxes, ascendentes, descendentes, así como ás sociedades nas que as persoas mencionadas teñan participación que, illada ou conxuntamente, sexa maioritaria, ou nas que desempeñen cargos de alta representación, directivo ou asimilado, ou o alleamento á Caixa de bens ou valores da súa propiedade ou emitidos por tales entidades, deberá ser aprobada polo Consello de Administración da Caixa e deberalle ser comunicada á Consellería de Economía e Facenda para que preste autorización expresa.”

Artigo 38.

O ap. 2 queda redactado da seguinte forma:

“2.- A presenza no mesmo dos grupos representados na Asemblea deberá ser proporcional á establecida no art. 27 da presente Lei, non resultando excluído ningún sector dos integrantes da Asemblea.

No previsto no ap. a) do citado art. 27 garantirase como mínimo a presenza no Consello de Administración de dúas entidades.

No previsto no ap. b) do xa citado art. 27 garantirase igualmente a presenza no Consello de Administración de alomenos un representante das entidades non fundadoras. Igualmente o persoal fixo do cadro da Caixa contará cun representante como mínimo. De resultaren fraccións sobrantes non prorrateo, despois de garanti-los mínimos estipulados con anterioridade, estes acumularanse és representantes das entidades non fundadoras previstas no ap. b) do art. 27.”

Artigo 39.

O ap. 1 queda redactado da seguinte forma:

“1.- Os vocais do Consello de Administración serán nomeados pola Asemblea Xeral de entre os membros de cada sector de representación e por proposta da maioría do respectivo sector, do Consello de Administración ou dun 25% dos membros da Asemblea. Non obstante, o nomeamento de vocais representantes das Corporacións Locais que non teñan a condición de entidade fundadora da Caixa de Aforros e o nomeamento dos membros do Consello de Administración representantes dos impositores poderán recaer como máximo, respectivamente, en dúas perseas que reúnan os adecuados requisitos de profesionalidade e non sexan conselleiros xerais.”

Artigo 42.

Ó final do mesmo adicionase un ap. 6 co seguinte texto:

“6.- Os membros do Consello de Administración que non sexan conselleiros xerais asistirán ás Asembleas Xerais con vez e sen voto”.

Artigo 44.

Adicionase un novo ap. h-bis, que pasa a se-lo apartado i), quedando redactado da seguinte forma:

“i) Informar á Consellería de Economía e Facenda nos casos de nomeamento e cesamento do Director Xeral.”

O ap. i) da Lei 7/85 pasa a se-lo apartado l):

“l) Calquera outra que lle atribúan os estatutos.”

Adicionase un novo ap. 4 coa seguinte redacción:

“4.- Para o cumprimento destas funcións terá dereito ó acceso inmediato a toda a documentación precisa para o desenvolvemento das súas funcións.”

Artigo 45.

Dáselles nova redacción ós apartados 1 e 4, e adicionase ó final deste art. un ap. 5:

“1.- O número de membros da Comisión de Control fixarase como máximo en oito, elixidos pola Asemblea Xeral de entre os seus membros que non ostenten a condición de vocais do Consello de Administración, e deberán existir como mínimo na mesma representantes de Corporacións Locais, impositores, persoas ou entidades fundadoras e persoal da Caixa de Aforros, aplicando criterios de proporcionalidade no tocante ós grupos que a integran.”

“4.- O Director Xeral asistirá ás reunións con voz e sen voto, sempre que a Comisión así o requira.”

“5.- Poderá, ademais, formar parte da Comisión de Control un representante da CA elixido pola Consellería de Economía e Facenda de entre persoas con capacidade e preparación técnica adecuada. Asistirá ás reunións da Comisión con vez e sen voto”.

Artigo 47.

Suprímese o inciso final do apartado 2 deste artigo, quedando redactado, por iso, da seguinte forma:

“2.- O seu nomeamento deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e comunicado á Consellería de Economía e Facenda.”

Artigo 50.

O ap. 1 queda redactado da seguinte forma:

“1.- A Federación Galega de Caixas de Aforro estará rexida por unha Xunta de Goberno e pola Secretaría Xeral.

A Xunta de Goberno estará integrada por dous representantes de cada unha das Caixas federadas, que serán os seus respectivos Presidente e Director Xeral. O Goberno da Comunidade Autónoma, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá ademais nomear un representante na devandita Xunta.”

Artigo segundo.

Dáselles unha nova redacción á Disp. Adic. e á Disp. Trans. cuarta nos términos que se indican:

Disposición Adicional:

“Sen prexuício das competencias do Banco de España, a Consellería de Economía e Facenda exercerá as funcións de disciplina, inspección e sanción das actividades realizadas en Galicia por Caixas de Aforro domiciliadas fóra do territorio desta Comunidade Autónoma.”

Disposición Transitoria cuarta:

“Durante un ano desde a constitución da nova Asemblea Xeral formarán parte do Consello de Administración, conxuntamente cos novos vocais, a metade dos vocais do último Consello de Administración e, de entre eles, o Presidente e mailo Secretario, os cales continuarán no exercicio dos seus respectivos cargos. O resto dos vocais do antigo Consello de Administración que vaian continuar no cargo serán elixidos por sorteo dentro de cada grupo.”

Artigo terceiro

Suprímese a Disp. Trans. primeira.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As Caixas de Aforro con domicilio social en Galicia e a Federación Galega de Caixas de Aforro deberán adapta-los seus estatutos ás disposicións desta Lei no prazo de tres meses, contados desde a súa entrada en vigor. Tamén procederán, dentro do mesmo prazo, á redacción do Regulamento regulador do sistema de eleccións. Os devanditos estatutos e Regulamento regulador do sistema de eleccións deberán selles renútir, no prazo de dez días, á Consellería de Economía e Facenda para a súa aprobación.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Lei entra en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 1989.

FERNANDO IGNACIO GONZÁLEZ LAXE
Presidente

*Lei 4/96, do 31 de maio, de Caixas de aforros de Galicia.***I**

O art. 30 EA establece a competencia exclusiva da CA para regulamentar, de acordo coas bases normativas establecidas polo Estado, a materia de Caixas de aforros dentro do seu ámbito territorial. Ó abeiro de tal competencia o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 7/85, do 17 de xullo, pola que se regulamentaron determinados aspectos das caixas de aforros galesas e, sobre todo, o seu réxime xurídico e órganos de goberno.

O tempo que desde entón transcorreu puxo de manifesto tanto as bondades desta lei coma as súas lagoas, aconsellando a elaboración dunha nova norma que aborde a problemática das caixas de aforros galesas tal como se fai na presente lei.

Ó mesmo tempo, viñéronse producindo algunbas modificacións na normativa básica do Estado que fan necesaria a adaptación da norma autonómica. Así, a Lei 26/88, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, estableceu un réxime de infraccións e sancións, que cómpre incorporar; tamén a Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, veu modificar elementos do procedemento e dos recursos no ámbito administrativo que son relevantes para ordena-las materias contidas nesta lei; finalmente, a nova normativa reguladora da solvencia das entidades, de crédito contida na Lei 13/92, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras, supón tamén unha referencia ineludible para tal proceso de adaptación.

En resumo, pois, a conveniencia de completa-la normativa autonómica de caixas de aforros, por unha banda, e a necesidade de adaptala ás novidades introducidas na normativa estatal de carácter básico, por outra, facían aconsellable a elaboración dunha norma, como a presente, que abordase tódolos temas.

II

A lei está dividida en seis títulos, unha disp. adic., unha disp. derogatoria e tres disp. derradeiras.

O título I, de carácter introductorio, recolle basicamente o ámbito de aplicación da lei e a definición do obxecto regulamentado, é dicir, o concepto de caixa de aforros. Poden albiscarse aquí dúas notas que presiden toda a configuración desta lei. A primeira é o dobre carácter das caixas de aforros, que son fundacións cunha finalidade benéfica-social e á vez, entidades financeiras; a segunda nota refírese ós termos da intervención pública. A filosofía a este respecto é clara: os poderes públicos interveñen en tanto é necesario para garanti-la solvencia e estabilidade destas entidades ou serve para aumenta-la transparencia do mercado e darlles garantías ós clientes. Trátase, polo tanto, de intervencións que veñen reforza-lo mercado e non substituílo.

No título II regulaméntase a organización institucional das caixas. Non recolle o regulado pola normativa vixente no referente a órganos de goberno, pois, como xa se advertiu, non é propósito desta lei reformar estes aspectos da normativa vixente. Introdúcense, iso sí, algunhas adicións, polas que se completan aspectos que non se tratan na actual normativa -as impugnacións dos acordos ou a responsabilidade dos conselleiros, por exemplo-, e desenvólvese un novo concepto de dotación fundacional que pretende potencia-las posibilidades de obter recursos propios por parte das caixas.

O título III é, sen dúbida, o, que introduce máis novidades na normativa vixente. En realidade, trátase dun título novo no que se regulamentan os distintos ámbitos de intervención dos poderes públicos

sobre as caixas, con respecto do principio de prevalencia do mercado que se acaba de indicar. Deste xeito, regúlase as normas de solvencia en consonancia coa normativa básica do Estado; regúlase tamén, neste caso con maior extensión, a normativa tendente a dotar de transparencia os mercados financeiros e protexe-los clientes. Neste sentido é de salienta-la creación da figura do valedor do cliente.

Finalmente, regulámense a obra benéfico-social. A diferenza dos ámbitos anteriores, neste caso, e sen mingua da liberdade coa que as caixas poden operar neste tema, a presenza da Comunidade e das súas necesidades resulta plenamente xustificada. A lei propón uns destinos da obra benéfico-social que lles permita ás caixas ordena-los proxectos de gasto e, asemade, articula-los co propósito de lograr un mellor servizo á sociedade.

O título IV dedícase a regula-los mecanismos de control. A novidade nesta área, desenvolvida na disp. adic., consiste na creación dunha unidade administrativa no seo da Consellería de Economía e Facenda, profesionalizada e capaz de levar a adiante o control de toda a normativa contida na presente lei así como de se coordinar cos órganos competentes da Administración do Estado.

O título V é de nova redacción e contén o réxime sancionador nos termos establecidos, pola normativa básica do Estado antes referida. Tipifícanse, polo tanto, e, gradúanse as infraccións, establécense as sancións e determínanse os supostos de responsabilidade persoal.

Finalmente, no título VI recolleuse a regulación da Federación Galega de Caixas de Aforros.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co art. 13.º do EA de Galicia e co art. 24 da Lei 1/83, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei de caixas de aforros de Galicia.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Ambito de aplicación.

1. As caixas de aforros con domicilio social en Galicia rexeranse polo establecido na presente lei e nas demais normas complementarias e de desenvolvemento emanadas da CA, as cales lles serán tamén aplicables ás actividades que desenvolvan no territorio desta CA as caixas de aforros con domicilio social fóra dela, todo isto sen prexuízo da normativa básica do Estado.

2. A normativa mercantil reguladora do dereito de sociedades, a estatal de entidades de crédito e a lexislación sobre fundacións, segundo corresponda por razón da materia, poderase aplicar con carácter subsidiario no non previsto na presente lei.

Artigo 2º.-Concepto de caixa de aforros.

Entenderase por caixa de aforros, para os efectos desta lei, a entidade financeira de carácter social, de natureza fundacional e sen finalidade lucrativa que, baixo o protectorado público exercido polo Goberno da CA de Galicia a través da Consellería de Economía e Facenda, se dedica á actividade financeira e á prestación de servizos conexos, destinando parte dos seus excedentes a obras de carácter benéfico-social.

Artigo 3º.-Reserva de denominación.

1. Para as entidades con domicilio en Galicia, as denominacións caixa de aforros e monte de piedade serán privativas das institucións inscritas no Rexistro de Caixas de Aforros Galegas.

2. Ningunha entidade ou empresa non inscrita no Rexistro utilizará na súa denominación marcas, rótulos, modelos, anuncios ou expresións que induzan a erro sobre a súa natureza.

Artigo 4º.-Rexistro de Caixas de Aforros Galegas.

1. A Xunta de Galicia dispoñerá dun Rexistro de Caixas de Aforros Galegas, no que deberá constar, na forma que regulamentariamente se determine:

- a) A denominación da institución.
- b) O domicilio social.
- c) A data da escritura de fundación.
- d) A corporación, entidade ou persoas fundadoras.
- e) Os estatutos e regulamentos da caixa respectiva.
- f) A autorización da admisión no Rex.

2. Para as caixas constituídas antes da publicación da presente lei o Rex. recollerá os datos dos que se dispoña ata a data, completándoos no momento da entrada en vigor da presente lei, nun prazo non superior a dous meses.

3. Inscibiranse tamén os acordos da Xunta de Galicia e da Consellería de Economía e Facenda relativos á modificación de estatutos, absorción, fusión, disolución ou liquidación.

4. O Rex. será público. Calquera persoa interesada poderá obter certificación gratuíta dos datos inscritos.

5. O Rexistro terá unha sección dedicada a aquelas caixas de aforros con domicilio social fóra de Galicia pero con oficinas no territorio desta CA na que se farán constar aqueles datos que regulamentariamente se determinen. As ditas caixas terán que comunicarlle á Consellería de Economía e Facenda as aperturas e os peches de sucursais efectuados en Galicia, de conformidade coa lexislación.

6. Tódalas altas e baixas de entidades no Rex. publicaranse no DOGA, comunicándoseles ó Ministerio de Economía e Facenda e á Comisión das Comunidades Europeas.

Artigo 5º.-Acción de goberno.

A acción do Goberno da CA, no marco das bases e da ordenación da actividade económica xeral e da política monetaria do Estado, levarase a cabo baixo os seguintes principios:

- a) Velar pola independencia das caixas de aforros e defende-la súa natureza fundacional, prestixio e estabilidade.
- b) Vixia-lo cumprimento por parte das caixas da súa función económico-social, de acordo cunha adecuada política de administración e de investimento de aforro privado.
- c) Procura-la estabilidade económica e financeira das caixas así como a total transparencia dos mercados onde operan, creando os mecanismos oportunos para que os clientes das caixas dispoñan de toda a información necesaria.
- d) Establecer mecanismos de cobertura e protección dos clientes.
- e) Estimular tódalas accións lexítimas das institucións de aforro encaminadas a mellora-lo nivel socioeconómico de Galicia.

TÍTULO II**Organización institucional****CAPÍTULO I****Criterios ordenadores****Artigo 6º.-Dobre dimensión das caixas.**

As caixas de aforros teñen un dobre carácter: social e fundacional, pola súa finalidade e aplicación de excedentes, e de entidade financeira, por razón da súa actividade.

Artigo 7º.-Organización democrática.

A estrutura e a composición dos órganos de goberno das caixas serán democráticas e os seus membros coidarán dos intereses fundacionais da caixa, polos dos seus depositantes e polos do territorio onde estas desenvolvan a súa actividade, con plena independencia de calquera outro que os puidese afectar.

CAPÍTULO II**Creación e recursos****SECCIÓN 1ª****Requisitos para a creación****Artigo 8º.-Fundación.**

1. As caixas de aforros poderán ser fundadas por persoas ou entidades, tanto públicas coma privadas, nos termos previstos na presente lei.

2. A condición de fundador non será transmisíbel por ningún título nin outorgará dereitos económicos. Os fundadores, sexan públicos ou privados, dispoñerán exclusivamente dos dereitos de representación que se establecen na presente lei.

3. O patrimonio inicial das caixas de aforros estará constituído pola achega dos seus fundadores.

4. Tódalas caixas de aforros con domicilio social en Galicia, calquera que sexa a persoa fundadora, o organismo ou a corporación que as patrocine, terán a mesma natureza xurídica e os mesmos dereitos e obrigas, así como idéntica consideración por parte do Goberno da CA.

Artigo 9º.-Autorización.

1. Corresponderalle á Xunta de Galicia autorizar a creación de caixas de aforros, observando a normativa básica vixente e o previsto na presente lei.

2. A solicitude de autorización para a creación dunha caixa de aforros presentarase na Consellería de Economía e Facenda, e xuntaranse os seguintes documentos:

a) Proxecto de escritura fundacional.

b) Proxecto de estatutos.

c) Programa de actividades, facendo consta-lo xénero de operacións que se pretenden realizar e a estrutura organizativa da entidade.

- d) Circunstancias persoais das persoas físicas, corporacións ou entidades fundadoras.
 - e) Memoria onde se recollan os obxectivos que se propoñan acadar coa súa creación.
 - f) Dotación inicial, coa descrición e valoración dos bens e dereitos e as características esenciais da achega.
3. A escritura fundacional, os estatutos e mailas súas modificacións deberán ser aprobados pola Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 10º.-Creación.

1. Concedida a autorización da Xunta de Galicia, a creación da nova caixa deberase facer mediante escritura pública, que será inscrita no Rex. Mercantil e no Rex. de Caixas de Aforros Galegas. Só despois desta última inscrición a caixa poderá iniciar a súa actividade.
2. A inscrición no Rex. de Caixas de Aforros Galegas só poderá ser denegada por incumprimento dos requisitos establecidos nesta lei.
3. A titularidade das inscricións concedidas non será transmisíbel.

Artigo 11º.-Contido mínimo da escritura fundacional.

Na escritura fundacional da caixa farase consta-lo seguinte:

- a) As circunstancias persoais das persoas físicas, corporacións ou entidades fundadoras.
- b) A vontade de constituír unha caixa de aforros con submisión ás disposicións vixentes.
- c) Os estatutos que regularán o funcionamento da futura caixa.
- d) A dotación inicial cuantificada, coa descrición dos bens e dereitos que a integren, o seu título de propiedade, as cargas, se as houber, e mailo carácter da achega.
- c) A contía total, polo menos aproximada, dos gastos de constitución.

As circunstancias persoais das persoas que formarán o padroado e se encargarán inicialmente da administración e representación da caixa. Estas, na mesma escritura fundacional, nomearán provisoriamente un director xeral.

Artigo 12º.-Contido mínimo dos estatutos.

Nos estatutos das caixas deberán consta-los seguintes extremos:

- a) A denominación e a natureza da entidade.
- b) O domicilio social e o ámbito de actuación.
- c) O obxecto e os fins.
- d) A data de pechado exercicio económico.
- e) A aplicación ou o destino dos excedentes.
- f) A estrutura, a composición e o funcionamento dos órganos de goberno.
- g) O número de membros e o procedemento de elección dos componentes dos órganos de goberno.
- h) As regras para a renovación parcial dos órganos de goberno.
- i) As previsións para cubri-las vacantes que se produzan nos órganos de goberno pola finalización do mandato dos seus membros ou calquera outra causa.
- j) Os requisitos para a convocatoria ordinaria e extraordinaria da asemblea xeral, os prazos e a publicidade, ó quorum esixido na primeira e segunda convocatoria e as maiorías necesarias para a adopción de acordos.

k) Os requisitos para a convocatoria das sesións do Consello de Administración e da Comisión de Control.

l) A forma de adopción dos acordos nos órganos de goberno.

m) As comisións delegadas do Consello.

n) A forma de elección, cesamento e renovación do presidente.

Artigo 13º.-Período transitorio.

1. Ata a constitución dos órganos de goberno da caixa o padroado da fundación terá atribuídas as funcións propias do Consello de Administración e aprobará os seus regulamentos internos.

2.O padroado deberá iniciar-lo proceso de constitución da primeira asemblea xeral nun prazo non superior a 9 meses desde o inicio da actividade da caixa.

3.Nas caixas de nova creación ós representantes dos impositores e do persoal non se lles esixirá o requisito de antigüidade.

4.No primeiro Consello de Administración da caixa, ademais dos vocais elixidos, figurarán con voz e voto os membros do padroado fundacional, que cesarán ós dous anos da constitución da primeira asemblea xeral, sen prexuízo de que poidan ser elixidos como vocais.

5.O director xeral deberá ser ratificado polo primeiro Consello de Administración que se constitúa.

6.As normas que regulan o período transitorio poderán ser obxecto de desenvolvemento regulamentario.

SECCIÓN 2ª

Os recursos propios das caixas

Artigo 14º.-Fondo fundacional.

1.A creación dunha nova caixa de aforros requirirá dunha dotación fundacional mínima de 3.000.000 ptas. A Xunta de Galicia, sen prexuízo da normativa xeral básica, e atendendo os requisitos de solvencia e estabilidade que lles son esixibles ás entidades financeiras, poderá axustar periodicamente tal contía mínima.

2.O fondo fundacional poderá ampliarse mediante novas achegas dos fundadores ou doutras persoas, ou de entidades públicas ou privadas, que se incorporen con esta mesma condición.

3.As persoas ou entidades que mediante novas achegas ó fondo fundacional accedesen á condición de fundadores terán do mesmo xeito, dereito a estaren representadas nos órganos de goberno da caixa, dentro da representación prevista para os fundadores, en proporción ás súas achegas e nos termos en que regulamentariamente se determine.

4.A incorporación de novos fundadores requirirá a aprobación da asemblea xeral mediante o voto afirmativo da maioría dos seus membros e a autorización da Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 15º.-Situación de déficit patrimonial.

Cando os recursos propios dunha caixa resultasen insuficientes para garanti-la solvencia da entidade, deberá producirse:

a)Novas achegas dos fundadores, suficientes para cubra-lo déficit patrimonial existente.

b)A incorporación de persoas ou entidades públicas ou privadas que, con idéntica consideración xurídica cós fundadores, acheguen en concepto de ampliación do fondo fundacional os recursos suficientes para cubri-lo déficit existente.

c) Calquera outra medida prevista na normativa básica do Estado.

Artigo 16º.-Natureza das achegas.

1. A dotación do fondo fundacional así como as ampliacións deste poderán facerse tanto en diñeiro coma mediante a achega de bens e dereitos susceptibles de valoración económica. Non obstante, a porción de diñeiro no fondo fundacional deberá ser como mínimo de 2.250.000.000 ptas., e, se o fondo se amplía, a dita porción deberá manterse en todo momento polo menos nos dous tercios do total do fondo.

2. Cando as achegas sexan en bens e dereitos, o rexistrador mercantil designará dous ou máis expertos independentes para que procedan a inventariar los bens e dereitos achegados e a comprobalo valor atribuído a estes polos achegantes. Tal informe pericial incorporárase como anexo á correspondente escritura fundacional ou de ampliación da dotación fundacional.

Artigo 17º.-Emisión de cotas e financiamento subordinado.

De acordo coa normativa básica, para ampliar los seus recursos propios, as caixas poderán emitir cotas participativas ou outro tipo de financiamento subordinado, logo de autorización da Consellería de Economía e Facenda. Para estes efectos as caixas estarán obrigadas a lle facilitaren á Consellería a información que regulamentariamente se sinala.

Artigo 18º.-Cotas participativas.

1. As cotas participativas son valores nominativos que representan achegas de diñeiro a prazo indefinido, que poden ser aplicadas en igual proporción e ós mesmos destinos cós fondos fundacionais e as reservas da entidade.

2. Poderán emitirse cotas participativas de distinta clase ou serie, determinándose regulamentariamente os dereitos correspondentes a cada unha delas.

3. As cotas confírenlles ós seus subscritores, como mínimo, o dereito a percibir a retribución que anualmente fixe a asemblea xeral; a obter, como máximo, o reembolso do seu valor no caso de liquidación da caixa; e a subscribir, con carácter preferente, cotas nas novas emisións.

4. As cotas carecen de todo dereito político, e non lles darán, en ningún caso, dereito ós seus subscritores a participar nos órganos de goberno da caixa emisora.

5. Correspóndelle á asemblea xeral determinar a retribución das cotas participativas, logo da autorización da Consellería de Economía e Facenda, que poderá establecer limitacións a tal retribución.

6. As caixas que emitan cotas participativas comunicaranlle á Consellería de Economía e Facenda a relación de subscritores.

Artigo 19º.-Fondo de estabilización.

1. Se o acordo de emisión así o establece, a asemblea xeral poderá acordar a constitución dun fondo de estabilización que teña por finalidade evitar que se produzan fluctuacións na retribución das cotas participativas.

2. Regulamentariamente determinaranse os requisitos materiais e formais do fondo de participación, do de reserva dos cotapartícipes e do fondo de estabilización.

Artigo 20°.-Financiamento subordinado.

Son financiamentos subordinados os recibidos pola entidade que, para efectos de prelación de créditos, se sitúen tras tódolos acredores comúns, sempre que o prazo orixinal de tales financiamentos non sexa inferior a cinco anos e o prazo remanente ata o seu vencemento non sexa inferior a un ano.

CAPÍTULO III**Impugnación de acordos, libro de actas e responsabilidade dos conselleiros****Artigo 21°.-Impugnación de acordos.**

1.Poderán ser impugnados os acordos tanto da asemblea xeral coma do Consello de Administración que sexan contrarios á lei, se opoñan ós estatutos ou lesionen os intereses da caixa.

2.Están lexitimados para impugna-los acordos os conselleiros que non asistisen á reunión na que se adoptou o acordo impugnado ou que, asistindo, fixesen consta-la súa oposición a este.

3.A acción de impugnación dos acordos deberá exercerse dentro do prazo de corenta días desde a aprobación da acta correspondente.

Artigo 22°.-Libro de actas.

As discusións e os acordos de cada sesión da asemblea e do Consello serán recollidos polo secretario nun libro de actas, que serán asinadas por este e polo presidente.

Artigo 23°.-Responsabilidade dos conselleiros.

1.Os membros do Consello de Administración responderán fronte á caixa, fronte á asemblea xeral e fronte ós depositantes e acredores do dano que causen por actos contrarios á lei ou ós estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeña-lo cargo.

2.Responderán solidariamente tódolos membros do órgano de administración que realizou o acto ou adoptou o acordo lesivo, menos,os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o que conviña para evita-lo dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

CAPÍTULO IV**Fusión, disolución e liquidación****Artigo 24°.-Clases de fusión.**

As caixas de aforros poderán fusionarse:

a)Mediante creación dunha nova caixa de aforros e extinción das entidades que se fusionan, que transferirán en bloque os seus patrimonios á entidade de nova creación.

b)Mediante absorción, en virtude da cal as caixas absorbidas transferirán en bloque os seus patrimonios á caixa absorbente, producíndose igualmente a extinción daquelas.

Artigo 25°.-Proxecto de fusión.

1.Os consellos de administración das caixas que pretendan fusionarse deberán elaborar e subscribir un proxecto de fusión.

2. Tal proxecto de fusión deberá conter, polo menos, os seguintes elementos:

a)A denominación, o domicilio e os datos identificadores da súa inscrición no Rex. Mercantil de tódalas entidades participantes na fusión.

b)As contas anuais e o informe de xestión dos tres últimos exercicios das entidades participantes na fusión cos informes correspondentes dos auditores de contas.

c)Os estatutos vixentes das entidades participantes na fusión, incluído, se é o caso, o proxecto dos estatutos da nova entidade que se pretende crear.

d)A xustificación económica do proxecto de fusión, a organización resultante e o programa estratéxico da nova entidade que subscribirán os administradores das entidades participantes no proceso de fusión.

e)Os balances de fusión, o balance resultante e os termos da transmisión patrimonial que implica a fusión, expresando e xustificando as diferencias de valor que, puidesen aparecer respecto do último balance aprobado e ó que se lle fixo auditoría.

f)O proxecto da escritura de constitución da nova entidade ou, se se trata de absorción, o texto íntegro das modificacións que se deban introducir na absorbente.

g)A data a partir da cal ha de ter vixencia, a fusión e, polo tanto, o momento a partir do que as operacións efectuadas polas entidades que se extinguen se entenderán realizadas por conta da entidade absorbente ou da nova entidade que xurda da fusión.

h)Os órganos de goberno que se fagan cargo da nova entidade -ou da absorbente- ata que se produzan as correspondentes eleccións.

i)O informe de dous ou máis expertos independentes sobre o proxecto de fusión e sobre o patrimonio achegado polas entidades que se extinguen.

j)O texto do acordo de fusión que se someterá á consideración das respectivas asembleas xerais.

3.O Consello de Administración de cada caixa estará abrigado a presentar para o seu depósito no Rex. Mercantil un exemplar do proxecto de fusión.

Artigo 26º.-Acordo de fusión.

O acordo de fusión deberá ser adoptado independentemente pola asemblea xeral de cada unha das caixas de aforros que se fusionan. Para tal fin será necesaria a presenza, polo menos, das dúas terceiras partes dos seus membros, debendo votar a favor do acordo a metade máis un dos asistentes.

Artigo 27º.-Conselleiros xerais.

Transitoriamente, nos casos de fusión, o número de conselleiros xerais poderá alcanza-la suma dos conselleiros das caixas que se fusionan ata que, dentro do prazo que sinala o acordo de fusión se constituán os órganos definitivos da entidade resultante.

Artigo 28º.-Autorización das fusións.

1.As fusións deberán ser autorizadas pola Consellería de Economía e Facenda, logo de solicitude conxunta das entidades que pretenden a súa fusión.

2.Para concede-la autorización serán requisitos indispensables entre outros:

a)Que a entidade absorbida ou as que desexen fusionarse non estean en liquidación.

b)Que non se derive prexuízo para as garantías dos impositores ou acredores das caixas que pre-

tendan integrarse.

3.Regulamentariamente determinaranse os requisitos, as condicións e o procedemento que se deberán cumprir no proceso de fusión.

Artigo 29º.-Causas de disolución.

1.As caixas de aforros disolveranse:

- a)Por acordo da asemblea xeral adoptado polos dous tercios dos seus membros.
- b)Por cumprimento do prazo fixado nos seus estatutos.
- c)Como consecuencia da revogación da autorización, segundo a normativa básica.
- d)Por fusión, calquera que sexa a modalidade.
- e)Por calquera outra causa establecida nos estatutos.

2.A Xunta de Galicia, á vista da evolución do neto patrimonial e da solvencia da caixa, poderá iniciar-lo oportuno expediente revogatorio de acordo co previsto na letra c) anterior.

Artigo 30º.-Autorización e rexistro da disolución.

1.Os acordos de disolución deberán ser ratificados pola Consellería de Economía e Facenda, a cal, de xulgalo necesario, poderá designar un interventor con capacidade suficiente para supervisar todo o proceso ata a extinción da caixa.

2.Os acordos de disolución inscribiranse no Rex. Mercantil e no Rex. de Caixas de Aforros Galegas, publicándose ademais no Boletín Oficial do Rex. Mercantil, no DOGA e polo menos nun dos diarios de maior circulación na área operativa da caixa que se disolva.

Artigo 31º.-Liquidación.

1.Acordada validamente a disolución da caixa, iniciárase o período de liquidación, durante o cal esta conservará a súa personalidade xurídica.

2.Rematada a liquidación, os administradores elaborarán o balance final, que deberá ser suscrito, se é o caso, polo interventor e aprobado pola Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 32º.-Adxudicación dos bens.

1.A adxudicación dos bens resultantes da liquidación axustarase ó establecido na Lei de fundacións de interese galego.

2.Todo o anterior enténdese sen prexuízo do que estableza a normativa básica sobre o fondo de garantía de depósitos e outros sistemas de colaboración.

TÍTULO III

Intervencións públicas

CAPÍTULO I

Principios generales

Artículo 33º.-Actividade financeira.

As caixas de aforros desenvolverán a súa actividade financeira con absoluta liberdade e indepen-

dencia dentro do respecto ás leis.

A Xunta de Galicia coidará da transparencia dos mercados e da solvencia das entidades e establecerá os medios necesarios de protección ós clientes.

Artigo 34°.-Apertura de oficinas.

As caixas de aforros galegas poderán abrir oficinas en calquera parte do territorio do Estado sempre que cumpran as normas de solvencia establecidas e así llo comuniquen á Consellería de Economía e Facenda. Para tal fin e coa suficiente antelación, as caixas, poñerán en coñecemento dela os seus plans de expansión.

A apertura de oficinas no estranxeiro, requirirá a comunicación á Consellería de Economía e Facenda, sen prexuízo das competencias do Banco de España.

Artigo 35°.-Aspectos fundacionais.

A Xunta de Galicia realizará un labor de orientación en materia de obra benéfico-social, indicando as principais necesidades e prioridades, sen prexuízo da liberdade de cada caixa en canto á elección dos destinos concretos do gasto.

CAPÍTULO II

Transparencia de mercado e protección ós clientes

SECCIÓN 1ª

Solvencia

Artigo 36°.-Información de solvencia.

1.As caixas de aforros deberán cumprir-las coeficientes de solvencia e as limitacións á actividade por razón de solvencia, de acordó coa normativa estatal de carácter básico e co previsto na presente lei.

2.Para estes efectos, a Consellería de Economía e Facenda poderá requirir tanta información sexa necesaria para verificar tal cumprimento por parte da caixa ou, se é o caso, do grupo consolidable no que figure esta na cabeceira. Do mesmo xeito, poderá solicitar información daquelas persoas físicas ou xurídica das que, polas súas relacións coa caixa de aforros ou co seu grupo, caiba presumir unha incidencia na situación xurídica, financeira ou económica da caixa de aforros ou do seu grupo consolidable.

Artigo 37°.-Risco de solvencia.

1.Sen prexuízo do cumprimento da normativa básica, cando unha caixa de aforros ou o seu grupo consolidable non acade os niveis mínimos de recursos propios esixidos ou vulnere as limitacións por razóns de solvencia, terallo que comunicar, coa maior brevidade posible, ó órgano competente da CA de Galicia, debendo adoptarse nas condicións que regulamentariamente se determinen, as medidas necesarias para retornar ó cumprimento das normas infrinxidas.

2.Nos supostos do par. anterior, a apertura de novas oficinas quedará sometida á autorización do órgano competente da CA, logo de informe favorable do Banco de España.

Artigo 38°.-Coordinación.

Para efectos de controla-lo cumprimento das normas de solvencia, a CA de Galicia actuará de

forma coordinada cos organismos correspondentes do Estado.

Artigo 39º.-Autorización de determinados investimentos.

A Consellería de Economía e Facenda poderá establecer, en función dos recursos propios ou totais da caixa de aforros ou en relación cunha cantidade determinada, a necesidade de autorización previa para os investimentos en inmobles, accións, participacións ou outros activos monetarios, a concesión de grandes créditos ou a concentración de riscos nunha persoa ou grupo, sen prexuízo das competencias que a normativa básica lle atribúe ó Banco de España.

SECCIÓN 2ª

Transparencia de mercado

Artigo 40º.-Información pública.

A Xunta de Galicia establecerá a información que, como mínimo, e con carácter xeral, as caixas deben poñer á disposición de todo o público, así como a forma de facelo. Tal información poderá referirse. a:

- a) Orixe fundacional da caixa e membros do Consello de Administración.
- b) Entidades xurídicas que, se é o caso, forman parte do grupo.
- c) Operacións máis características que leva a cabo.
- d) Custo efectivo e rendemento das operacións anteriores.
- e) Ámbito territorial de actuación.
- f) Grao de solvencia da entidade.

Artigo 41º.-Publicidade.

1. Requirirá previa e expresa autorización da Consellería de Economía e Facenda a publicidade realizada polas caixas de aforros galegas cando teña contidos económico-financeiros.

2. A publicidade carente de tales contidos será simplemente obxecto de comunicación á referida consellería, e poderá difundirse sen máis requisitos.

Artigo 42º.-Contratos e liquidacións.

De conformidade co previsto na normativa básica, a Consellería de Economía e Facenda poderá:

- a) Establece-los requisitos que deban satisfacerlos contratos financeiros que subscriban cos seus clientes as caixas de aforros para protexe-los lexítimos intereses da clientela, tanto activa coma pasiva. En todo caso, velarase para que o seu contido sexa claro, transparente e de fácil comprensión.
- b) Impoñe-la entrega ó cliente dun exemplar do contrato, debidamente subscrito pola entidade.
- c) Establece-los requisitos que deban satisfacerlas liquidacións periódicas que as caixas lles efectúan ós seus clientes.

SECCIÓN 3ª

Protección ó cliente

Artigo 43º.-Normas de seguridade.

As caixas de aforros galegas e as que operen no territorio de Galicia deberán observa-las normas

de seguridade nas súas instalacións e formas de operar que estableza a Xunta de Galicia, sen prexuízo da normativa básica.

Artigo 44°.-Valedor do cliente.

1.A Federación Galega de Caixas de Aforros establecerá a figura do valedor do cliente, que se ocupará da defensa dos intereses e dereitos destes nas súas relacións con calquera das caixas de aforros operantes en Galicia.

2.A Xunta de Goberno da Federación Galega de Caixas de Aforros nomeará o valedor do cliente dentro dos doce meses seguintes á entrada en vigor da presente lei, entre persoas de recoñecido prestixio e independencia, con residencia habitual na Comunidade galega. O nomeamento farase por catro anos, e poderá ser reelixido unha soa vez.

3.O valedor do cliente terá as mesmas incompatibilidades que as leis lles impoñan ós conselleiros xerais das caixas.

4.Nas oficinas das caixas de aforros informarase convenientemente o público da existencia do valedor do cliente e do procedemento que se debe seguir para formular, se é o caso, as reclamacións pertinentes.

Artigo 45°.-Oficina de reclamacións.

Na Consellería de Economía e Facenda crearase unha oficina de reclamacións, onde os clientes das caixas de aforros galegas poderán presenta-las súas queixas referidas ó incumprimento por parte daquelas de calquera das normas de disciplina.

As ditas queixas só se poderán formular cando fosen desestimadas polo valedor do cliente ou non fosen contestadas no prazo de dous meses.

CAPÍTULO III

Política crediticia

Artigo 46°.-Investimento obrigatorio.

No marco da política monetaria e da ordenación do crédito do Estado, a Consellería de Economía e Facenda cualificará os activos en que as caixas de aforros con domicilio social na CA de Galicia deberán materializa-las obrigas de investimento previstas en cada momento na lexislación vixente.

Artigo 47°.-Incentivos públicos.

1.A Xunta de Galicia, dentro das súas actuacións de política rexional, poderá subscribir acordos coas caixas de aforros co fin de favorece-lo financiamento daqueles sectores, áreas ou grupos económicos que, de acordo cos obxectivos de tal política autonómica, resulten prioritarios.

2.Na Lei de orzamentos de cada ano a Xunta de Galicia habilitará os créditos necesarios para subvencionar-los tipos de xuros ou asumir, en favor do prestatario, todo ou parte do risco que comporte a operación que se pretende estimular.

3.As axudas que poida establece-la Xunta de Galicia respectarán, en todo caso, a normativa vixente en materia de defensa da competencia.

CAPÍTULO IV

A obra benéfico-social

Artigo 48º.-Contía das dotacións.

1.De acordo coa súa finalidade e natureza fundacional, as caixas destinarán a totalidade dos seus excedentes que non teñan que aplicarse a reservas por mandato legal á dotación de reservas voluntarias e á creación e mantemento de obras benéfico-sociais.

2.As dotacións á obra benéfico-social non poderán ser inferiores ás seguintes porcentaxes, que se aplicarán sobre os excedentes que por mandato legal non teñan que aplicarse a reservas:

a)A un 50% se o coeficiente de solvencia se encontra ó final do exercicio situado nunha porcentaxe inferior a un 12%.

b)A un 55% se o coeficiente de solvencia se sitúa ó final do exercicio entre o 12% e o 14%.

c)A un 60% se o coeficiente de solvencia está comprendido entre un 14% e un 16% ó final do exercicio a que a distribución do excedente se refire.

d)A un 65% se o coeficiente de solvencia se sitúa ó final do exercicio entre o 16% e o 18%.

e)A un 70% se o coeficiente de solvencia excede ó final do exercicio o 18%.

3.Para os efectos deste artigo, para medi-lo coeficiente de solvencia non se terán en conta dentro dos recursos propios computables os financiamentos subordinados.

4.A Xunta de Galicia, por decreto, e por proposta da Consellería de Economía e Facenda, oída a Federación Galega de Caixas de Aforros, poderá revisar ata un máximo de dez puntos porcentuais as porcentaxes das dotacións á obra benéfico-social subliñadas no nº 2 anterior.

Dentro do máximo fixado no par. anterior as revisións poderán acordarse cada dous anos, sen que a primeira poida ter lugar en tanto non transcorresen dous anos contados desde a aprobación da presente lei.

5.En calquera dos casos recollidos nos puntos anteriores enténdese que se garantirá sempre o mantemento das obras benéfico-sociais que as caixas xa teñan en funcionamento nese momento, xa sexan estas exclusivas das caixas ou realizadas en colaboración con outras institucións.

6.Excepcionalmente, logo de xustificación da súa conveniencia, en función dos recursos propios e do coeficiente de solvencia, a Consellería de Economía e Facenda poderá autorizar unha distribución do excedente distinta da prevista nos números anteriores.

7.No caso de caixas que encabezan un grupo consolidable de entidades de crédito o excedente de referencia será o que resulte dos estados contables consolidados.

8.Correspóndelle á Consellería de Economía e Facenda autoriza-los acordos aprobados pola asemblea xeral das caixas relativos á determinación dos excedentes e á súa distribución conforme a normativa aplicable.

Artigo 49º.-Destino da obra benéfico-social.

1.As dotacións que as caixas fagan á obra benéfico-social deberán destinarse a financiar investimentos ou a promocionar actividades que satisfagan algún dos seguintes requisitos:

a)Que favorezan o desenvolvemento cultural, educativo e socioeconómico de Galicia.

b)Que faciliten a integración social de colectivos marxinais.

c)Que favorezan, sobre todo, a grupos con baixos niveis de ingresos.

2.Para identificar aqueles proxectos concretos que puidesen constituir-los destinos da obra benéfico-social das caixas tomaranse como referencia os estudos e as análises existentes sobre a realidade socioeconómica de Galicia e aqueloutras que as propias caixas poidan realizar con especial referencia ó territorio que constitúe a súa zona de influencia.

En calquera caso deberanse ter en conta tamén aqueles proxectos que potencien os sinais de identidade de cada caixa.

3.As caixas que non tendo a súa sede social en Galicia contan con oficinas na Comunidade galega deben efectuar investimentos ou gastos en obra benéfico-social en Galicia, destinando para tal efecto como mínimo a parte do seu orzamento anual de obra benéfico-social proporcional ós recursos alleos captados en Galicia con respecto ó total da entidade.

4.Anualmente as caixas avaliarán en qué medida os proxectos realizados contribuíron a mellora-la situación económico-social de Galicia.

5.A obra benéfico-social non xestionada directamente polas caixas seranlle aplicables os mesmos principios e criterios que á xestionada directamente.

Artigo 50°.-Proxectos de obras sociais.

1.As caixas de aforros realizarán obra benéfico-social propia, en colaboración con outras institucións públicas ou privadas e incluso entre varias caixas.

2.As caixas deberán xustificalo-interese e os beneficios sociais dos proxectos de gasto en obras benéfico-sociais que pretendan levar a cabo, de acordo coa súa natureza e finalidade.

Artigo 51°.-O orzamento da obra benéfico-social.

1.O Consello de Administración de cada caixa, considerando os proxectos que de acordo co previsto no art. 49 deban realizarse, elaborará o orzamento anual da obra benéfico-social, que deberá someterse á asemblea xeral, e comunicárselle de seguido á Consellería de Economía e Facenda para os efectos previstos no art. 48.8 desta lei.

2.Transcorrido o período orzamentario, o Consello renderá contas igualmente da súa execución.

Artigo 52°.-A xestión da obra benéfico-social.

As caixas, a través do Consello de Administración e da comisión da obra benéfico-social, deberán dispoñer dunha xestión profesionalizada dos investimentos da obra benéfico-social.

TÍTULO IV

Normas de control

CAPÍTULO I

Obrigas de información

Artigo 53°.-Información que hai que subministrar.

1.As caixas de aforros estarán obrigadas a facilitarlle á Consellería de Economía e Facenda, na forma en que regulamentariamente se determine, toda a información que lles sexa requirida sobre a súa actividade e xestión.

2.Así mesmo, remitirán, na forma en que regulamentariamente se determine, copia de:

a)A información que obrigatoriamente teñan que ofrecerlle ó público en xeral, de acordo coas normas desta lei, e da contida na súa publicidade.

b)Os modelos dos contratos de adhesión que se subscribirán cos seus clientes e das liquidacións que practiquen.

- c)As contas anuais e demais información esixida polas leis mercantís.
- d)A información requirida polo Ministerio de Economía e Facenda e polo Banco de España.

Artigo 54°.-Informe do valedor do cliente.

O valedor do cliente elaborará anualmente un informe onde se recollerán tódalas incidencias da súa actividade así como as propostas que destas puidesen derivarse, e deberalle remita-lo dito informe á Consellería de Economía e Facenda.

CAPÍTULO II**Mecanismos de control****Artigo 55°.-Coordinación e inspección.**

No marco das bases aprobadas polo Estado sobre ordenación do crédito e a banca, e de acordo coas directrices da Xunta de Galicia, a Consellería de Economía e Facenda exercerá as funcións de inspección das caixas de aforros domiciliadas en Galicia, sen prexuízo das funcións que lle correspondan ó Banco de España.

Artigo 56°.-Auditorías.

1.As caixas de aforros deberán someter a auditoría externa os estados financeiros e as contas de resultados de cada exercicio, que lle remitirán á Consellería de Economía e Facenda.

2.A Consellería de Economía e Facenda poderá establecer-lo alcance e o contido dos informes da auditoría.

Artigo 57°.-Inspección financeira.

1.A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Facenda, controlará o cumprimento por parte das caixas do conxunto das normas legais que lles son aplicables, tanto as de carácter básico coma as complementarias e de desenvolvemento que se establecen na presente lei.

2.Para tal efecto a Xunta de Galicia poderá subscriba-los convenios oportunos co Banco de España co obxecto de coordina-las súas actuacións e minimiza-los custos indirectos do control sobre as entidades afectadas.

Artigo 58°.-Control das caixas con domicilio fóra de Galicia.

Sen prexuízo das competencias do Banco de España a Consellería de Economía e Facenda exercerá as funcións de disciplina, inspección e sanción das actividades realizadas en Galicia por caixas de aforros domiciliadas fóra do territorio desta CA.

Anualmente, as caixas ás que se refire o par. anterior remitiranlle á Consellería de Economía e Facenda unha memoria explicativa da súa actividade económica, administrativa e social.

TÍTULO V**Réxime sancionador****CAPÍTULO I****Infraccións**

Artigo 59º.-Ambito de aplicación.

As caixas de aforros sometidas á presente lei, así como as persoas que teñan cargos de administración ou dirección nelas, serán sancionadas polas infraccións que puidesen cometer, de acordo co disposto na presente lei.

Artigo 60º.-Clases de infraccións.

As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 61º.-Infraccións moi graves.

Constitúen infraccións moi graves:

a)A realización dos actos que a continuación se relacionan sen autorización, cando esta sexa preceptiva, ou sen observa-las condicións básicas fixadas nela:

b)Fusións, absorcións ou escisións que afecten ás caixas de aforros.

2)Adquisición, directa ou indirecta, de accións ou doutros títulos representativos do capital ou cesión dos seus dereitos políticos de:

a)Entidades de crédito españolas por outras persoas físicas ou xurídicas españolas ou estranxeiras, cando supoñan o control, de dereito ou de feito, daquelas ou o cambio neste.

b)Entidades de crédito estranxeiras, por entidades de crédito españolas ou entidade filial ou dominante destas.

3)Distribución de reservas, expresas ou ocultas.

4)Apertura de oficinas operativas no estranxeiro.

b)O exercicio de actividades alleas ó seu obxecto exclusivo legalmente determinado, bardante que seña un carácter simplemente ocasional ou illado.

c)A realización de actos ou operacións prohibidas por normas de ordenación e disciplina con rango de lei ou con incumprimento dos requisitos establecidos nelas, salvo que teñá un carácter simplemente ocasional ou illado.

d)O incumprimento da obriga de somete-las súas contas anuais á auditoría de contas, conforme á lexislación vixente na materia.

c)A negativa ou resistencia á actuación inspectora, sempre que medie requirimento expreso e por escrito ó respecto.

A falta de remisión ó órgano administrativo competente de cantos datos ou documentos deban remitírselle ou requira no exercicio das súas funcións, ou a falta de veracidade neles, cando con isto se dificulte a apreciación da solvencia da entidade. Para os efectos desta letra entenderase que hai falta de remisión cando esta non se produza dentro do prazo concedido para o efecto polo órgano competente ó recordar por escrito a obriga ou reitera-lo requirimento.

g)O incumprimento do deber de veracidade informativa debida ós depositantes, prestamistas e ó público en xeral, sempre que polo número de afectados ou pola importancia da información o incumprimento poida considerarse como especialmente relevante.

h)A realización de actos fraudulentos ou a utilización de persoas físicas ou xurídicas interpostas coa finalidade de conseguir un resultado no que a obtención directa implicaría a comisión de, polo menos, unha infracción grave.

i)As infraccións graves cando durante os cinco anos anteriores á súa comisión lle fose imposta á entidade de crédito sanción firme polo mesmo tipo de infracción.

Artigo 62°.-Infraccións graves.

Constitúen infraccións graves:

a)A realización de actos ou operacións sen autorización, cando esta sexa preceptiva, ou sen observar-las condicións básicas daquela, agás nos casos en que isto supoña a comisión dunha infracción moi grave de acordo coa letra a) do artigo anterior.

b)A ausencia de comunicación, cando esta sexa preceptiva, nos supostos enumerados na letra a) do art. anterior e nos casos en que esta se refire á composición dos órganos de administración da entidade.

c)O exercicio mesmo ocasional ou illado de actividades alleas ó seu obxecto exclusivo legalmente determinado.

d)A realización mesmo ocasional ou illada de actos ou operacións prohibidas por normas de ordenación e disciplina con rango de lei ou con incumprimento dos requisitos establecidos nelas.

e)A realización de actos ou operacións con incumprimento das normas dictadas ó amparo do nº 2 do art. 48 da Lei 26/88, do 29 de xullo.

f)O incumprimento das normas vixentes en materia de límites de riscos ou de calquera outra que impoña limitacións cuantitativas, absolutas ou relativas, ó volume de determinadas operacións activas ou pasivas.

g)A falta de remisión ó órgano administrativo competente dos datos ou documentos que se deban remitir ou que este requira no exercicio das súas funcións, así como a falta de veracidade neles, salvo que isto supoña a comisión dunha infracción moi grave. Para os efectos desta letra entenderase que hai falta de remisión cando esta non se produza dentro do prazo concedido para o efecto polo órgano competente ó recordar por escrito a obriga ou reitera-lo requirimento.

h)A falta de comunicación por parte dos administradores á asemblea xeral daqueles feitos ou circunstancias dos que a comunicación a aquela fose ordenada polo órgano administrativo facultado para isto.

i)O incumprimento do deber de veracidade informativa debida ós depositantes, prestamistas ou ó público en xeral, cando non concorran as circunstancias a que se refire a letra g) do artigo anterior.

As infraccións leves cando durante os dous anos anteriores á súa comisión lle fose imposta á caixa de aforros sanción firme polo mesmo tipo de infracción.

Artigo 63°.-Infraccións leves.

Constitúen infraccións leves aquelas infraccións ás normas de ordenación e disciplina que non constitúen infracción grave ou moi grave conforme o disposto nos arts. anteriores.

Artigo 64°.-Prescripción.

1.As infraccións moi graves e as graves prescribirán ós cinco anos e as leyes ós dous anos.

2.En ámbolos casos, o prazo de prescripción contarase desde a data en que a infracción foi cometida. Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, a data inicial do cómputo será a de finalización da actividade ou a do último acto co que a infracción se consume.

3.A prescripción interromperase pola iniciación, co coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, volvendo corre-lo prazo se o expediente permanecese paralizado durante seis meses por causa non imputable a aqueles contra os que se dirixía.

CAPÍTULO II

Sancións

Artigo 65°.-Sancións á entidade.

Nos supostos a que se refiren os arts. da sección anterior serán aplicables as seguintes sancións á caixa de aforros:

1) Pola comisión de infraccións moi graves:

a) Multa por importe de ata o 1% dos seus recursos propios ou ata 5.000.000 ptas., se aquela porcentaxe fose inferior a esta cifra.

b) Revogación da autorización da entidade, con exclusión do Rex. de Caixas de Aforros de Galicia.

2) Pola comisión de infraccións graves:

a) Amoestación pública.

b) Multa por importe de ata o 0,5% dos seus recursos propios ou ata 2.500.000 ptas., se aquela porcentaxe fose inferior a esta cifra.

3) Pola comisión de infraccións leves:

a) Amoestación privada.

b) Multa por importe de ata 1.000.000 ptas.

Artigo 66°.-Outras sancións.

Ademais das sancións previstas no art. anterior que corresponda impoñerlle á caixa de aforros pola comisión de infraccións moi graves, impoñeráselle unha das seguintes sancións a quen exercendo cargos de administración ou dirección nela sexa responsable da infracción:

a) Multa a cada responsable por importe non superior a 10.000.000 ptas.

b) Suspensión no exercicio do cargo por prazo non superior a tres anos.

c) Separación do cargo, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección na mesma entidade de crédito, por un prazo máximo de cinco anos.

d) Separación do cargo, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera entidade de crédito, por un prazo máximo de dez anos.

Malia o disposto no ap. anterior, no caso de imposición das sancións previstas nas letras c) e d) deste, poderá impoñerse simultaneamente a sanción prevista na súa letra a).

Pola comisión de infraccións graves impoñeráselle unha das seguintes sancións a quen exercendo cargos de administración ou dirección na caixa sexa responsable da infracción:

a) Amoestación privada.

b) Amoestación pública.

c) Multa a cada responsable por importe non superior a 5.000.000 ptas.

d) Suspensión temporal no cargo por un prazo non superior a un ano.

Malia o disposto no ap. anterior, no caso de imposición da sanción prevista na letra d) deste, poderá impoñerse simultaneamente a sanción prevista na súa letra c).

Artigo 67º.-Criterios de graduación.

1.As sancións aplicables a cada caso pola comisión de infraccións moi graves, graves ou leves determinaranse atendendo os seguintes criterios:

- a)A natureza e entidade da infracción.
- b)A gravidade do perigo ocasionado ou do prexuízo causado.
- c)As ganancias obtidas, se é o caso, como consecuencia dos actos ou omisións constitutivos da infracción.
- d)A importancia da entidade de crédito correspondente, medida en función do importe total do seu balance.
- e)As consecuencias desfavorables dos feitos para o sistema financeiro ou a economía nacional.
- f)A circunstancia de que se procedese á reparación da infracción por propia iniciativa.
- g)A conducta anterior da entidade en relación coas normas de ordenación e disciplina que a afecten, atendendo as sancións firmes que lle fosen impostas durante os últimos cinco anos.

2.Para determina-la sanción aplicable entre as previstas no art. anterior, tomaranse en consideración, ademais, as seguintes circunstancias:

- a)O grao de responsabilidade nos feitos que conorra no interesado.
- b)A conducta anterior do interesado na mesma ou noutra entidade de crédito en relación coas normas de ordenación e disciplina, tomando en consideración para o efecto as sancións firmes que lle fosen impostas durante os últimos cinco anos.
- c)O carácter de representación que o interesado posúa.

CAPÍTULO III Responsables

Artigo 68º.-Responsables.

1.Quen exerza na caixa de aforros cargos de administración ou dirección será responsable das infraccións moi graves ou graves cando estas sexan imputables á súa conducta dolosa ou negligente.

2.Malia o sinalado no ap. anterior, serán considerados responsables das infraccións moi graves ou graves cometidas polas entidades de crédito os seus administradores ou membros dos seus órganos Colexiados de administración, agás nos seguintes casos:

- a)Cando quen forme parte de órganos Colexiados de administración non asistise por causa xustificada ás reunións correspondentes, ou votase en contra ou salvase o seu voto en relación coas decisións ou acordos que desen lugar ás infraccións.
- b)Cando tales infraccións sexan exclusivamente imputables a comisións executivas, directores xerais ou órganos asimilados, ou a outras persoas con funcións directivas na entidade.

Artigo 69º.-Competencia sancionadora.

1.De conformidade co disposto no art. 42 da Lei 26/88, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, a Xunta de Galicia exercerá a postestade sancionadora sobre as infraccións definidas nesta lei.

2.A imposición de sancións por infraccións leves e graves corresponderalle á Consellería de Economía e Facenda. A imposición de sancións por infraccións moi graves corresponderalle á Xunta

de Galicia.

3.A proposta de resolución dos expedientes será obxecto de informe polo Banco de España cando se trate de infraccións graves ou moi graves.

4.Cando os órganos competentes da CA de Galicia teñan coñecemento de feitos sancionables exclusivamente pola Administración do Estado, poñerano en coñecemento do Banco de España.

Artigo 70°.-Suspensión e intervención.

1.A suspensión dos órganos de goberno e da dirección das caixas de aforros e a intervención destas serán decretadas polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Economía e Facenda ou do Banco de España, se é o caso, cando así o aconsellen situacións de grave irregularidade administrativa ou económica. Por motivo de urxencia poderá decretalas o conselleiro de Economía e Facenda, quen someterá o acordo á ratificación do Goberno da CA.

2.Tamén poderá decretarse a intervención logo de petición fundamentada dos órganos de goberno da propia caixa de aforros.

3.O acordo de intervención conterá as razóns, e o alcance e limitacións deste, será publicado no DOGA e no BOE e inscribírase nos rexistros correspondentes.

4.En caso de intervención os gastos causados por esta serán a cargo da caixa afectada.

Artigo 71°.-Procedemento sancionador.

O procedemento e o réxime sancionador serán desenvolvidos regulamentariamente, tendo en conta os principios básicos da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

TÍTULO VI Órganos asociativos

CAPÍTULO ÚNICO Federación Galega de Caixas de Aforros

Artigo 72°.-Federación Galega de Caixas de Aforros.

As caixas de aforros con domicilio social en Galicia agruparanse nunha federación que terá personalidade xurídica, e coas seguintes finalidades:

- a)Te-la representación das caixas ante os poderes públicos.
- b)Procura-la captación, a defensa e a difusión do aforro e orienta-los investimentos das caixas de aforros conforme as normas generales sobre investimento territorial.
- c)Promover e coordina-la prestación de servicios técnicos e financieiros.

Artigo 73°.-Xunta de Goberno e Secretaría Xeral.

1.A Federación Galega de Caixas de Aforros estará rexida por unha Xunta de Goberno e pola Secretaría Xeral.

A Xunta de Goberno estará integrada por dous representantes de cada unha das caixas federadas, que serán os seus respectivos presidente e director xeral. O Goberno da CA, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá ademais nomear un representante en tal Xunta, con voz e voto.

2.Os acordos serán vinculantes e tomaranse por maioría de votos presentes ou representados, na forma que determinen os estatutos, os cales poderán prever tamén a necesidade de voto unánime para determinadas materias. Os estatutos poderán preve-la emisión de votos ponderados.

Artigo 74º.-Estatutos.

1.Os estatutos da Federación Galega de Caixas de Aforros serán aprobados pola Consellería de Economía e Facenda.

2.Os estatutos fundacionais da Federación Galega de Caixas de Aforros terán que ser propostos polas caixas, logo de acordo que represente como mínimo a maioría de dous tercios dos seus depósitos de clientes referido ó último balance anual pechado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Facenda, habilitará os medios materiais e persoais necesarios para lle dar cumprimento a todo o disposto na presente lei.

En especial, procederá:

a)A crear unha unidade administrativa dedicada ó seguimento e control da actividade das caixas de aforros nos termos dispostos por esta lei e polas normas que a desenvolvan.

Tal unidade administrativa deberá dispoñer, ademais, dos medios persoais especializados para levar a cabo as actuacións de control e inspección financeira previstas.

b)A crear unha oficina de reclamacións de clientes, segundo o dito no art. 45 desta lei.

c)A adopta-las medidas oportunas para proceder ó nomeamento do valedor do cliente, previsto no art. 44 desta lei.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas as leis 7/85, do 17 de xullo, de caixas de aforros galegas, e 6/89, do 10 de maio que modifica a Lei 7/85, salvo os arts. nºs. 22 ó 24 e 26 ó 48 da Lei 7/85 e as modificacións a estes arts. recollidas na Lei 6/89, referentes ós órganos de goberno.

Igualmente quedan derogadas cantas disposicións de igual ou menor rango se opoñan ó previsto na presente lei.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira. Autorízase a Xunta de Galicia para que, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, elabore un texto refundido da presente lei, incorporándolle a este os arts. vixentes das leis 7/85, do 17 de xullo, de caixas de aforros galegas, e 6/89, do 10 de maio.

Segunda. Autorízase a Xunta de Galicia para dicta-las disposicións que sexan convenientes para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Tercera.A presente lei entrar en vigor o día seguinte ó da súa publicación no DOGA.

Santiago de Compostela, trinta e un de maio de mil novecentos noventa e seis.